


**Curso
2021/2022**

*Programación didáctica de
Educación Física*



IES DE BARRO

Damián Ríos Calvar

ÍNDICE

Páxina

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
3. DATOS XERAIS DO DEPARTAMENTO.....	6
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
5. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	11
6. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	13
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 1º E.S.O.....	14
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA.....	14
A.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 1º E.S.O.	14
B.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	16
C.- CONCRECIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE.....	21
D.- AVALIACIÓN	24
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 2º E.S.O.....	31
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA.....	31
A.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 2º E.S.O.	31
B.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	33
C.- CONCRECIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE.....	39
D.- AVALIACIÓN	43
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 3º E.S.O.....	50
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA.....	50
A.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 3º E.S.O.	50
B.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	52
C.- CONCRECIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE.....	58
D.- AVALIACIÓN	62
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 4º E.S.O.....	69
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA.....	69
A.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 4º E.S.O.	69
B.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	71
C.- CONCRECIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE.....	77
D.- AVALIACIÓN	82
7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	89
8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	91
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	92
10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	95
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	98
12. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA	105
13. TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC.....	106
14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	107
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	109
16. TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL.....	115
A.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	115
B.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	121
C.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	129
D.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	131

1. INTRODUCCIÓN

Na sociedade actual séntese, cada vez máis, a necesidade de incorpora á cultura e á educación aqueles coñecementos que, relacionados co corpo e coa actividade motriz, contribúen ao desenvolvemento persoal e a unha mellora na calidade de vida.

Por outra parte, o actual estilo de vida, de carácter sedentario require ademais que a Educación Física se estableza como contrapeso que manteña o equilibrio psíquico e físico do ser humano e sexa impulsora de prácticas saudables para o tempo de lecer. A promoción da saúde e a calidade de vida debe ser, en consecuencia, un dos obxectivos básicos de todo sistema educativo.

O departamento de Educación Física imparte ensinanzas en educación secundaria obrigatoria.

A Educación Física na educación secundaria obrigatoria toma como eixos o corpo e o movemento, para contribuír ao desenvolvemento funcional do alumno e á cooperación nun proxecto global que se articula como integrador e que se fai explícito nos obxectivos xerais da etapa. Así, entre as orientacións básicas a desenvolver nesta etapa están as referidas a unha Educación Física para o coidado e mellora do corpo, a forma física e a saúde, a unha Educación Física para medrar nas capacidades socio-comunicativas e expresivas e a unha Educación Física para a utilización construtiva do lecer orientado á práctica de actividades recreativas e deportivas individuais, de adversario ou colectivas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

A área de Educación Física forma parte do currículo da E.S.O., sendo materia obrigatoria de todos os cursos. Esta posibilidade, permite realizar unha programación máis completa e coherente, con relacións entre todos os niveis e ciclos.

Os obxectivos de área responden aos obxectivos de etapa. A finalidade desta programación, é que o alumnado acceda ao currículo que ditamina o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica, ademais daqueles que non figurando na lei pódense engadir ou matizar.

Estrutúrase o currículo en base á Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

E tamén pola Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria.

A estrutura deste programa está baseada na madurez dos alumnos nos diferentes niveis e na progresión dos estándares de aprendizaxe e contidos, estes servirán de chave para acceder a outros superiores.

O entorno rural no que se aplica esta programación supón o acceso inmediato a un entorno natural, neste senso o alumnado está familiarizado con estas vivencias; polo que o feito de atoparse preto deste entorno terase en conta no momento de planificar os contidos do curso.

O tipo de alumnado é moitas veces heteroxéneo, dándose o caso de nenos que teñen certas competencias e estándares de aprendizaxe moi desenvolvidos, en contraste con alumnos que precisan medidas de reforzo. Atopámonos en certas aulas con un número importante de repetidores.

Os estudos do alumnado ao rematar a E.S.O. decántanse en maior medida cara ao bacharelato, aínda que unha porcentaxe importante vai cara o ensino profesional. Desde o departamento informarase ao alumnado sobre o tipo de saídas relacionadas coa Educación Física.

Tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020 e o 2020/2021, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o próximo curso 2021/2022, faise imprescindible establecer

adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros docentes e o seu profesorado.

3. DATOS XERAIS DO DEPARTAMENTO

O departamento de Educación Física ten establecida a reunión de departamento: os xoves de 9:05 a 9:55.

Os membros do departamento son:

XEFE DE DEPARTAMENTO			
José Damián Ríos Calvar			
MEMBROS DO DEPARTAMENTO			
NOME	MATERIA QUE IMPARTE	CURSOS	SINATURA
José Damián Ríos Calvar	Educación Física	1º ESO-A 1º ESO-B 2º ESO-A 2º ESO-B 3º ESO-A 4º ESO-A 4º ESO-B	

4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Decreto 86/2015, do 25 de xullo, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

Ademais a descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato queda establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Dende a materia de Educación Física contribuiremos, en maior ou menor medida e de xeito directo e claro, a consecución de todas as competencias clave.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística é un dos elementos fundamentais do currículo para conseguir o acceso ao coñecemento; tamén é un instrumento fundamental para a socialización e o aproveitamento da experiencia educativa; o respecto ás normas de convivencia; o exercicio activo da cidadanía; o desenvolvemento dun espírito crítico; o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo; a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos

os ámbitos; unha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe.

A materia de Educación Física contribúe á variedade de intercambios comunicativos a través do vocabulario específico, así como aporta á comunicación oral un forte grao de comunicación corporal.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos, xa sexan persoais, sociais, profesionais ou científicos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e o mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos.

O corpo é o intermediario entre o contorno, o pensamento e a acción. É o que efectúa a acción. Desde o nosa materia debemos educalo para que sexa consciente da súa propia actuación, as consecuencias que poden ter lugar no contorno e o coidado e agarimo que lle debemos ter porque será sempre o noso vehículo de relación.

Polo tanto desde o a materia de Educación física fomentaremos: interaccións motoras realizadas en diferentes contornos; superación de múltiples retos motores na aula e na vida cotiá; continuos axustes corporais adaptados as diferentes condicións do entorno; adaptación das actividades desenvolvidas as particularidades socioculturais e xeográficas da zona; e realización de actividades no medio natural, garantindo unha responsable e segura utilización do mesmo, practicando o manexo de escalas topográficas, frecuencias cardíacas, intensidades, medidas dos espazos de acción, bits por minuto, etc.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade.

Na materia de Educación Física desenvolveremos actividades de procura de información na internet, de realización de traballos (con procesadores de texto, follas de cálculo, programas de presentación de traballos,...), de utilización de vídeos e DVD, de realización de tarefas na aula virtual do centro, de utilización de dispositivos móbiles e apps e de utilización da aula Abalar e Edixgal.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente.

En Educación Física tamén implica desenvolver habilidades para o traballo en equipo en diferentes actividades deportivas e expresivas colectivas e a adquisición de aprendizaxes técnicas, estratéxicas e tácticas que sexan xeneralizables para futuras actividades.

Ademais a nosa materia ofrece recursos para a planificación de determinadas actividades físicas a partir dun proceso de experimentación. Todo iso permite que o alumno sexa capaz de regular a súa propia aprendizaxe e práctica da actividade física, no seu tempo de lecer, de forma organizada e estruturada, resolvendo innumerables situacións e problemas plantexados nos xogos, deportes e demais actividades desenvolvidas.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

Na materia de Educación Física debemos transmitir a realidade social na que vivimos e como podemos ser partícipes da mesma para así conseguir que a respecten. O deporte e a actividade física como ente socializador, como organismo plural, como transmisor de valores (integración do individuo, fomento do respecto, cooperación, igualdade e traballo en equipo). O cumprimento das normas e regulamentos que rexen as actividades deportivas colaboran na aceptación dos códigos de conduta propios dunha sociedade.

Polo tanto dende a nosa materia fomentaremos: dinámicas persoais e grupais a través do propio corpo; vivencias de situacións de oposición e cooperación, respectando os valores deportivos máis esenciais; relacións construtivas que faciliten a integración do alumnado na sociedade e no grupo; formación dun alumnado activo e crítico dos espectáculos, manifestacións, valores e actitudes que xiran arredor do deporte e da súa actualidade; organización de actividades deportivas colectivas cun carácter aberto e de pacto das normas, aceptando as diferenzas individuais; contribución do deporte á saúde, mentalizando aos alumnos para evitar condutas asociadas ao sedentarismo, á obesidade, ao tabaquismo, ao alcoholismo, etc.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar y xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento doutras capacidades e coñecementos mais específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

En Educación Física fomentaremos o sentido de iniciativa e espírito emprendedor a través da organización individual e colectiva de xornadas e actividades físicas e deportivas ou de ritmo; en aspectos de planificación de actividades para a mellora da súa condición física, auto superación, perseveranza, actitude positiva, responsabilidade e honestidade; na aplicación das regras e capacidade de aceptación, regulando progresivamente os seus aprendizaxes, gañando en autonomía e facéndose consciente das súas limitacións e as limitacións entre as persoas.

Conciencia e expresión culturais

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación.

A través da nosa materia debemos transmitir o respecto, a comprensión, e o goce destas manifestacións. Á apreciación e comprensión do feito cultural traballarase mediante o recoñecemento e a valoración das manifestacións culturais da motricidade humana (os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza). Doutra banda, o coñecemento das manifestacións lúdicas, deportivas e de expresión corporal propias doutras culturas axuda á adquisición dunha actitude aberta cara á diversidade cultural.

Polo tanto dende a materia de Educación Física fomentaremos: o enriquecemento cultural que supón a práctica e o coñecemento de actividades deportivas como os xogos tradicionais, a danza, os propios deportes, etc.; a observación da actividade deportiva como unha forma artística, no senso de observalo como un espectáculo, e afastándose de aspectos negativos como a violencia; e a utilización dos recursos expresivos do corpo e o movemento, como ferramenta creativa.

5. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece que os obxectivos na educación secundaria contribuirán a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

6. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

A lexislación vixente recolle que a autonomía pedagóxica dos centros docentes se concreta con carácter xeral nas programacións didácticas que son os instrumentos de planificación curricular específicos de cada unha das áreas, materias e módulos. Ademais, sinala que os centros docentes desenvolverán os currículos establecidos polas administracións educativas mediante as programacións didácticas. Polo tanto, a programación didáctica ten que realizarse segundo o currículo vixente que está regulado polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración desta programación didáctica, tivemos en conta a teoría existente sobre planificación educativa do currículo, empezando polo propio concepto de currículo: “enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliáveis, e pola metodoloxía didáctica”.

Tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020 e o 2020/2021, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o próximo curso 2021/2022, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros docentes e o seu profesorado. Por conseguinte, a programación didáctica baséase no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o curso 2021-2022, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Ademais, a materia de Educación Física ten a súa propia natureza e características que tivemos que ter en conta ao programar, xa que influirán nas secuenciación dos obxectivos e contidos, na metodoloxía, na relación cos temas transversais, etc.

O desenvolvemento harmónico e integral do ser humano e a escasa actividade corporal despregada no actual sistema de vida, conducen a que cada vez adquiran maior importancia as actividades físicas como medio de equilibrio psicofísico e de ocupación do tempo de lecer.

A continuación desenvolveremos os elementos propios do currículo das programacións didácticas de cada un dos cursos da E.S.O.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 1º E.S.O.

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

A.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 1º E.S.O.

Como referencia para os alumnos e para as decisións do profesor necesarias para dar por superada a materia, establécense os seguintes criterios mínimos a alcanzar polos alumnos de primeiro curso de E.S.O. Estes criterios mínimos representan, a súa vez os obxectivos mínimos que deberán superar os alumnos deste curso, aínda que, para os alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo deberán ser considerados e aplicados individualmente.

Os **obxectivos mínimos** que os alumnos deberán alcanzar para superar primeiro de educación secundaria obrigatoria son os seguintes:

1. Coñecer e practicar exercicios apropiados para realizar quecementos.
2. Elaborar quecementos a partir dos exercicios realizados na clase.
3. Valorar os efectos beneficiosos do quecemento.
4. Identificar os hábitos hixiénicos e saudables relacionados coa actividade física.
5. Atender á súa hixiene persoal logo da clase práctica.
6. Valorar positiva determinados hábitos como usar a indumentaria axeitada, a hixiene persoal,...
7. Realizar actividades que lle permitan desenvolver as capacidades físicas relacionadas coa saúde.
8. Desenvolver actitudes de autoexixencia e superación.
9. Coñecer os aspectos técnicos dos deportes seleccionados.
10. Coñecer e aceptar as normas básicas de seguridade nas piscinas.
11. Aplicar correctamente a técnica ás situacións de xogo dos deportes traballados.

12. Amosar unha actitude cooperativa dentro dunha labor de equipo.
13. Manter unha actitude de respecto cara os compañeiros, rivais, árbitros, ...
14. Manter unha actitude deportiva por riba da busca de resultados.
15. Aceptar as accións propias e as dos compañeiros na práctica deportiva.
16. Aplicar correctamente a acción motriz oportuna para resolver problemas de decisión xurdidos durante a práctica deportiva.
17. Aceptar as diferenzas de habilidade con respecto aos seus compañeiros.
18. Manter unha actitude de respecto e de non discriminación cara aos seus compañeiros.
19. Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia.
20. Coñecer técnicas de expresión e comunicación a través do corpo e do baile.
21. Deseñar, ensaiar e realizar unha mensaxe ou coreografía en grupo e comunicala ao resto da clase.
22. Amosar respecto polos demais e superar o medo ao ridículo e inhibicións.
23. Aprender a respirar correctamente na auga.
24. Asimilar as técnicas básicas da natación.
25. Coñecer e utilizar técnicas desenvolvidas no medio natural.
26. Amosar sensibilidade na conservación do medio natural.

B.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
PRIMEIRA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física				
	1	B1.1.	Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física	Sen libro	Set./ Out./ Nov./ Dec.	24	X
		B1.2.	Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión	Sen libro			X
		B1.3.	Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria	Sen libro			X
		B1.4.	Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados	Sen libro			X
		B1.5.	Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural	Sen libro			
		B1.6.	Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora	Sen libro			
		B1.7.	Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas	Sen libro			
		B1.8.	Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural	Sen libro			X
		B1.9.	Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable	Sen libro			
		B1.10.	Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde	Sen libro			
		B1.11.	Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas	Sen libro			X
		B1.13.	Emprego responsable do material e do equipamento deportivo	Sen libro			X
		B1.14.	Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	Sen libro			X
			B3	BLOQUE 3: Actividade física e saúde			
2	B3.1.	Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas	Sen libro	Set/Ou	14	X	

			incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde		t/Nov		
	3	B3.2.	Introdución aos principios sobre unha alimentación saudable	Sen libro	Nov	1	
	4	B3.3.	Identificación da frecuencia cardíaca de traballo	Sen libro	Nov	4	X
		B3.4.	Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas desde un enfoque saudable	Sen libro			X
	5	B3.5.	Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta	Sen libro	Nov/ Dec	5	X
		B3.6.	Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá	Sen libro			

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
SEGUNDA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física				
	6	B1.1.	Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física	Sen libro	Xan./ Feb./ Mar.	22	X
		B1.2.	Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión	Sen libro			X
		B1.3.	Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria	Sen libro			X
		B1.4.	Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados	Sen libro			X
		B1.5.	Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural	Sen libro			
		B1.6.	Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora	Sen libro			
		B1.7.	Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas	Sen libro			
		B1.8.	Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural	Sen libro			X
		B1.9.	Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable	Sen libro			

		B1.10.	Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde	Sen libro			
		B1.11.	Prevenção de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas	Sen libro			X
		B1.13.	Emprego responsable do material e do equipamento deportivo	Sen libro			X
		B1.14.	Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	Sen libro			X
	7	B1.12.	Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios	Sen libro	Xan	5	X
		B4	BLOQUE 4: Os xogos e as actividades deportivas				
	8	B4.1.	Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos	Sen libro	Xan/ Feb	1	X
	9	B4.2.	Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais	Sen libro	Feb	6	X
	10	B4.3.	Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos	Sen libro	Feb	4	X
	11	B4.4.	Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos	Sen libro	Feb/ Mar	6	X
		B4.5.	Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos	Sen libro			X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
TERCEIRA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física	Sen libro	Abr./ Mai./ Xuñ.	24	
	12	B1.1.	Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física	Sen libro			X
		B1.2.	Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión	Sen libro			X
		B1.3.	Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria	Sen libro			X
		B1.4.	Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados	Sen libro			X
		B1.5.	Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural	Sen libro			

	B1.6.	Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora	Sen libro				
	B1.7.	Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas	Sen libro				
	B1.8.	Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural	Sen libro			X	
	B1.9.	Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable	Sen libro				
	B1.10.	Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde	Sen libro				
	B1.11.	Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas	Sen libro			X	
	B1.13.	Emprego responsable do material e do equipamento deportivo	Sen libro			X	
	B1.14.	Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	Sen libro			X	
	B2	BLOQUE 2: Actividades físicas artístico-expresivas					
	13	B2.1.	Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.	Sen libro	Abr/ Mai	12	X
	14	B2.2.	Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.	Sen libro	Mai /Xuñ	12	X

A continuación presentamos a **temporalización** das unidades didácticas previstas para o seu desenvolvemento en primeiro de educación secundaria obrigatoria; tendo en conta, que esta temporalización é flexible e que a súa realización dependerá das características propias dos grupos.

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 1º ESO			
TRIMESTRE	Nº	TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA	SESIÓNS
PRIMEIRO	1	Presentación	1
	2	Introdución e manexo da aula virtual Edixgal	2
	3	O quecemento I	4
	4	Capacidades físicas relacionadas coa saúde I	10
	5	Habilidades motrices I	4
	6	Xogos tradicionais de Galicia	3
SEGUNDO	7	Hixiene postural	1
	8	Iniciación ás habilidades ximnásticas	6
	9	Aspectos comúns aos deportes colectivos I	3
	10	Iniciación ao voleibol	10
	11	Prevención de lesións deportivas	2
TERCEIRO	12	Iniciación á relaxación	1
	13	Iniciación ao fútbol-sala	6
	14	Habilidades básicas I	5
	15	Técnicas básicas no medio natural	6
	16	Ritmo e expresión corporal	6

C.- CONCRECIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª Aval.		Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Temas transversais										
Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificac.	Instrumentos								Temas transversais								
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
1	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC/CMCCT	Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	40%	5%		100%							X	X							
	B1.2.		EFB1.1.2.	CSC/CAA	Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.	100%	25%	80%		20%					X	X		X						
	B1.3.		EFB1.1.3.	CSC	Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física.	100%	25%	100%							X						X			
	B1.4.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	100%	10%					100%								X	X			
	B1.5.		EFB1.2.2.	CSC	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	100%							100%		X					X				
	B1.6.		EFB1.2.3.	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	40%							100%							X	X			
	B1.7.	B1.3.	EFB1.3.1.	CSC	Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.	10%							100%		X			X						
	B1.8.		EFB1.3.2.	CSC	Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	10%							100%								X			
	B1.9. B1.10.		EFB1.3.3.	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	10%							100%		X						X			
	B1.11. B1.13.	B1.4.	EFB1.4.1.	CSC/CSIEE	Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	10%							100%		X			X						
	B1.14.		B1.5.	EFB1.5.1.	CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.		40%	10%			50%	50%					X		X				
				EFB1.5.2.	CD/CCL	Expón e defende traballos sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.		40%	25%	100%						X	X		X					
	2	B3.1.	B3.1.	EFB3.1.1.	CMCCT	Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.		10%	100%					100%		X					X			
	3	B3.2.		EFB3.1.2.	CMCCT/CAA	Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.		40%	100%	100%						X	X							
4	B3.3.	EFB3.1.3.		CMCCT	Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.	40%		40%			50%		50%		X	X								
5	B3.4.	B3.2.	EFB3.2.1.	CAA	Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	80%		60%	50%		50%				X	X								
	B3.5.		EFB3.2.2.	CAA	Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.	40%		70%	100%						X									
	B3.6.		EFB3.2.3.	CMCCT/CSIEE	Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	40%	30%	100%						X										

Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos								Temas transversais									
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
6	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC/CMCCT	Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	40%	5%		100%							X	X								
	B1.2.		EFB1.1.2.	CSC/CAA	Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.	100%	25%	80%		20%					X	X		X							
	B1.3.		EFB1.1.3.	CSC	Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física.	100%	25%	100%						X						X					
	B1.4.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	100%	10%					100%								X	X				
	B1.5.		EFB1.2.2.	CSC	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	100%							100%		X						X				
	B1.6.		EFB1.2.3.	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	40%							100%								X	X			
	B1.7.	B1.3.	EFB1.3.1.	CSC	Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.	10%							100%	X			X								
	B1.8.		EFB1.3.2.	CSC	Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	10%							100%									X			
	B1.9. B1.10.		EFB1.3.3.	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	10%							100%	X								X			
	B1.11. B1.13.	B1.4.	EFB1.4.1.	CSC/CSIEE	Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	10%							100%	X			X								
	B1.14.	B1.5.	EFB1.5.1.	CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	40%		10%			50%	50%					X		X						
EFB1.5.2.			CD/CCL	Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%	25%		100%						X	X		X								
7	B1.12.	B1.4.	EFB1.4.2.	CSIEE	Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno.	100%		100%	80%		20%			X							X				
8	B4.1.	B4.1.	EFB4.1.1.	CAA/CSIEE	Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.	80%		100%	60%		20%			20%	X										
9	B4.2.		EFB4.1.2.	CAA/CSIEE	Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.	40%	100%	60%		20%			20%	X			X								
10	B4.3.		EFB4.1.3.	CAA/CSIEE	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.	40%	40%	60%					40%	X											
			EFB4.1.4.	CAA/CSIEE	Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación.	80%	60%	80%		20%				X							X				
11	B4.4.	B4.2.	EFB4.2.1.	CAA/CSIEE	Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento.	40%	30%	60%					40%	X											
	B4.5.		EFB4.2.2.	CAA/CSIEE	Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	40%	40%	60%					40%	X											
			EFB4.2.3.	CAA/CSIEE	Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	40%	30%	60%					40%	X											

3ª Aval.	Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación	Temas transversais
----------	----------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------	--------------------

Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificac.	Instrumentos								Temas transversais								
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
12	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC/CMCCT	Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	40%	5%		100%							X	X							
	B1.2.		EFB1.1.2.	CSC/CAA	Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.	100%	25%	80%		20%						X	X		X					
	B1.3.		EFB1.1.3.	CSC	Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física.	100%	25%	100%							X						X			
	B1.4.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	100%	10%					100%									X	X		
	B1.5.		EFB1.2.2.	CSC	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	100%						100%			X						X			
	B1.6.		EFB1.2.3.	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	40%						100%									X	X		
	B1.7.	B1.3.	EFB1.3.1.	CSC	Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.	10%						100%		X				X						
	B1.8.		EFB1.3.2.	CSC	Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	10%						100%										X		
	B1.9.		EFB1.3.3.	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	10%						100%		X								X		
	B1.10.	B1.4.	EFB1.4.1.	CSC/CSIEE	Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	10%						100%		X				X						
	B1.11.																							
B1.13.	B1.5.	EFB1.5.1.	CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	40%	10%			50%	50%						X		X						
B1.14.		EFB1.5.2.	CD/CCL	Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%	25%	100%							X	X		X							
13	B2.1.		EFB2.1.1.	CMCCT	Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.	80%	100%	100%								X					X			
14	B2.2.	B3.1.	EFB2.1.2.	CMCCT/CAA	Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo	80%	60%	100%								X					X			
			EFB2.1.3.	CMCCT	Colabora na realización de bailes e danzas.	80%	40%			20%		80%		X							X			

LENDA COMPETENCIAS:

- CCL Competencia comunicación lingüística
- CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD Competencia dixital
- CAA Competencia aprender a aprender

- CSC Competencias sociais e cívicas
- CSIEE Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC Competencia conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS:

- CL Comprensión lectora
- EOE Expresión oral e escrita
- CA Comunicación audiovisual
- TIC Tecnoloxía da información e comunicación
- EMP Emprendemento
- EC Educación cívica
- PV Prevención da violencia

D.- AVALIACIÓN

a. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece os seguintes criterios de avaliación en Educación Física neste curso:

- B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta.
- B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.
- B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.
- B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.
- B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.
- B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.
- B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.
- B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.
- B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.

B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

b. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

A data de realización da avaliación inicial será durante a segunda e terceira sesión do curso.

A proba consistirá na realización práctica por parte dos alumnos de:

- Un quecemento xeral individual.
- Un xogo colaborativo, se as condicións o permiten.
- O xogo “Os dez pases orientados” en grupos de tres contra tres, se as condicións o permiten.

Ademais, rexistrarase o historial de cada alumno en relación as súas lesións ou enfermidades que podan afectar ao seu normal desenvolvemento físico.

Despois da xunta de profesores na avaliación inicial, as familias poderán ser informadas dos resultados deste avaliación a través do titor do curso.

Esta proba servirá para coñecer o nivel inicial dos alumnos propiciando que se poidan facer os axustes que fosen necesarios na programación do curso para tentar que os alumnos acaden os obxectivos plantexados. A partir desta proba valorarase a adopción das medidas de atención curricular en cada un dos casos.

c. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

c.1. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Coa intención de que a avaliación sexa o máis obxectiva posible, con carácter xeral nos **criterios de cualificación** ponderaremos a adquisición das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e actitudinais.

A nota final en cada unha das tres avaliacións parciais será a suma das notas ponderadas de cada un destes contidos sen ter en conta os decimais. Na nota da avaliación final de xuño si se terá en conta os decimais, redondeando a partir da sexta décima.

Os **contidos conceptuais** terán unha consideración do 20% na cualificación dos alumnos. A nota será a media entre os traballos obrigatorios propostos e unha proba escrita, **que se realizarán cada trimestre**. Para os traballos escritos proporcionarase un guión que fixará os contidos a desenvolver e a forma de valoralos. Por ser a materia acumulativa, no segundo trimestre se avaliarán contidos

do primeiro e no terceiro trimestre se avaliarán contidos do primeiro e do segundo. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto nos traballos obrigatorios coma na proba teórica, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes conceptuais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos procedimentais** terán unha consideración do 50% na cualificación dos alumnos. A nota será a media de tódalas probas prácticas que se realicen **cada trimestre**, do caderno diario do alumno, da nota do traballo diario realizado polo alumno, das prácticas avaliadas realizadas en clase e das tarefas propostas na aula virtual. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos en cada unha das probas prácticas, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes procedimentais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos actitudinais** terán unha consideración do 30% na cualificación dos alumnos **cada trimestre**. A nota será a media da asistencia, a hixiene persoal e a actitude (o cumprimento das normas, o interese, a participación, o esforzo, a vestimenta axeitada, a cooperación, ...). **As faltas de asistencia inxustificadas restarán medio punto** da nota con incidencia neste apartado. **As faltas de puntualidade inxustificadas restarán** da nota con incidencia neste apartado: **unha décima, unha falta de puntualidade, e medio punto, cada tres faltas de puntualidade**. A valoración da hixiene persoal se realizará tódolos días que se realice actividade física, tendo que, como mínimo, cambiarse a camiseta usada na clase por unha limpa e asearse con auga e xabón; cada día que non se realice a hixiene persoal se restará da nota a parte proporcional correspondente a ese día. A actitude se valorará tódolos días; **cada negativo por ter unha actitude contraria ás normas restará un cuarto de punto** da nota con incidencia neste apartado. **Unha amoestación cun parte de incidencia restará un punto** da nota deste apartado. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto na asistencia coma na hixiene persoal e na actitude, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes actitudinais polo que non poderá superar a materia.

Cada falta de asistencia a clase deberá ser debidamente xustificada mediante xustificante médico ou paterno que deberá ser entregado o primeiro día que volva a ter Educación Física despois da ausencia. As faltas de asistencia xustificadas non restarán puntos da nota. Cando un alumno non se presente a unha proba escrita ou práctica, deberá presentar un **xustificante médico** que certifique a non asistencia á proba para poder facérllela noutra data. Se non é así, o alumno suspenderá a avaliación correspondente.

Cando un alumno teña faltas de asistencia, **por causa xustificada**, durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica, deberá realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais.

Cando un alumno non faga a clase práctica deberá xustificar debidamente o motivo mediante xustificante médico ou paterno. Se non presenta dito xustificante se **restará un cuarto de punto por cada día que non faga a clase práctica** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais. Ademais, cando un alumno non faga a clase práctica terá que permanecer na aula e realizar un traballo teórico-

práctico proposto polo profesor que consistirá en enumerar e describir tódolos exercicios e tarefas que os seus compañeiros realicen durante a clase práctica e que se entregará ao final da sesión. Este traballo se avaliará dentro do apartado de traballo diario dos contidos procedimentais. Se non presenta dito traballo ao final da sesión **restará un cuarto de punto por cada día que non o entregue** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais.

Ademais do exposto no paragrafo anterior, cando un alumno non faga a clase práctica durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica ou non poida realizar a proba práctica para valorar os contidos procedimentais desa unidade, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais. **Se non presenta dito certificado non terá dereito a ser avaliado segundo as medidas de atención á diversidade expostas neste documento** e por tanto non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.

Cando un alumno asista a clase sen a roupa e/ou o calzado axeitados perderá o dereito a realizar a sesión práctica coas seguintes penalizacións na nota segundo o exposto anteriormente nos apartados de traballo diario, realización da parte práctica da clase, hixiene persoal, actitude, ...

Para superar positivamente cada trimestre o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos na suma das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Pero, a nota en cada un dos contidos mencionados deberá ser, ao menos, de “catro” puntos para poder superar o trimestre. Naqueles casos nos que isto non suceda, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándose-lles tarefas teórico-prácticas que lles faciliten a recuperación da materia.

A cualificación de cada trimestre se calculará sumando os puntos acadados en cada unha das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. O seu valor será o número enteiro acadado polo alumno **sen considerar os decimais**.

A nota da avaliación final de xuño será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres **tendo en conta os decimais** e redondeando a partir da sexta décima, sempre que a nota mínima en cada un dos trimestres fora de cinco puntos. Establecéndose de forma xeral e como **criterio de promoción** a nota mínima de cinco puntos na nota final.

ADAPTACIÓN SITUACIÓN COVID

Cumprirase a normativa vixente en cada momento, tanto a xeral do centro coma a particular para a materia e espazos de Educación Física.

Actualmente empregaremos os vestiarios con restricións (so poderán cambiarse a camiseta e non poderán usar os lavabos), pola imposibilidade de cumprir a normativa ao mesmo tempo que garantir unha organización adecuada do seu uso, polo que a cualificación do apartado “hixiene persoal” valórase en función do cumprimento do protocolo COVID, no referente ao cambio de camiseta nos lugares asignados para cada alumno (sen utilizar os lavabos), hixiene de mans, uso correcto da máscara, distancia de seguridade e desinfección do material común de uso individual. Porén, **aqueles alumnos que prefiran non realizar o cambio de camiseta**, o 30% da súa nota do apartado de contidos actitudinais será a media da asistencia e da actitude.

c.2. PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Polo tanto, cando un alumno non acade os obxectivos mínimos nunha avaliación, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándosele tarefas teórico-prácticas que lle faciliten a recuperación da materia.

c.3. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría tendo en conta a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Nese sentido, para os alumnos que teñan unha parte da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, se realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva da materia de Educación Física farase efectiva na avaliación final de curso.

Tanto a derradeira avaliación parcial como a avaliación final realizarase nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar.

Estas actividades constará de dúas partes: unha **parte teórica** e unha **parte práctica**. A **parte teórica**, que supón o 60% da nota final, consistirá nun exame de preguntas cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. vistas durante o curso, e na presentación do caderno de clase e dos traballos teóricos propostos polo profesor ao longo do curso. A **parte práctica**, que supón o 40% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos procedimentais do curso. Para a realización da parte práctica da proba o alumno deberá asistir coa roupa e o calzado axeitados.

Cando un alumno non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar **obrigatoriamente** o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que presentar obrigatoriamente os traballos teórico-prácticos propostos polo profesor sobre o contidos procedimentais desenvolvidos ao longo do curso. Estes traballos se avaliarán dentro da parte práctica da proba. **Se non presenta dito certificado non poderá superar a materia ao non acadar os obxectivos mínimos da mesma.**

Para superar positivamente a avaliación final de xuño o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica. A nota da avaliación final de xuño será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

c.4. ALUMNOS CON EDUCACIÓN FÍSICA PENDENTE

Aqueles alumnos que promocionen de curso sen alcanzar os obxectivos nin superar os contidos de **primeiro curso de ESO** na materia de Educación Física, se lles fará un seguimento por parte deste departamento, sendo o encargado directo deste seguimento o profesor que lle imparta clase no presente curso.

Dado o carácter continuo que ten a materia, para recuperala terá gran valor o nivel e desenvolvemento que o alumno mostre no curso presente. Ademais poderá verse reforzado coa realización doutras tarefas compensatorias, como traballos ou probas escritas e prácticas daqueles contidos que non se impartan no seu curso actual.

Os alumnos que superen as tres avaliacións no presente curso superarán a materia do curso pasado, sendo a cualificación da materia do curso anterior a mesma que a que obteñan no presente curso.

Os alumnos avaliados negativamente ao finalizar o presente curso non superarán a materia do curso pasado. Sen embargo, gozarán da convocatoria que lles ofrece a lexislación vixente, por medio da cal poderán superar a materia na proba de recuperación de pendentos que se realizará en maio segundo o calendario que deberá fixar a xefatura de estudos do centro.

Esta proba constará de dúas partes: unha **parte teórica** e unha **parte práctica**. A **parte teórica**, que supón o 60% da nota final, consistirá nun exame de preguntas cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e

progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. desenvolvidas no curso que o alumno non superou segundo se recolle na programación correspondente. A **parte práctica**, que supón o 40% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos procedimentais desenvolvidos no curso que o alumno non superou segundo se recolle na programación correspondente. Para a realización da parte práctica da proba o alumno deberá asistir coa roupa e o calzado axeitados.

Cando un alumno non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que presentar obrigatoriamente os traballos teórico-prácticos propostos polo profesor sobre o contidos procedimentais desenvolvidos ao longo do curso. Estes traballos se avaliarán dentro da parte práctica da proba. **Se non presenta dito certificado non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.**

Para superar positivamente a proba de recuperación de pendentes o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica. A nota final da proba de recuperación de pendentes será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 2º E.S.O.

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

A.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 2º E.S.O.

Como referencia para os alumnos e para as decisións do profesor necesarias para dar por superada a materia, establécense os seguintes criterios mínimos a alcanzar polos alumnos de segundo curso de E.S.O. Estes criterios mínimos representan, a súa vez os obxectivos mínimos que deberán superar os alumnos deste curso, aínda que, para os alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo deberán ser considerados e aplicados individualmente.

Os **obxectivos mínimos** que os alumnos deberán alcanzar para superar segundo de educación secundaria obrigatoria son os seguintes:

1. Coñecer e practicar exercicios para realizar o quecemento xeral e específico.
2. Elaborar quecementos xerais.
3. Valorar os efectos beneficiosos do quecemento.
4. Identificar os hábitos hixiénicos e saudables relacionados coa actividade física.
5. Atender á súa hixiene persoal logo da clase práctica.
6. Valorar positiva determinados hábitos como usar a indumentaria axeitada, a hixiene persoal...
7. Realizar actividades que lle permitan desenvolver as capacidades físicas relacionadas coa saúde.
8. Desenvolver actitudes de autoexixencia e superación.
9. Recoñecer a franxa da frecuencia cardíaca beneficiosa para a saúde durante a práctica de actividades físicas.
10. Coñecer os aspectos técnicos e tácticos dos deportes seleccionados.
11. Coñecer e aceptar as normas básicas de seguridade nas piscinas.

12. Aplicar correctamente a técnica ás situacións de xogo dos deportes traballados.
13. Amosar unha actitude cooperativa dentro dunha labor de equipo.
14. Manter unha actitude de respecto cara os compañeiros, rivais, árbitros, ...
15. Manter unha actitude deportiva por riba da busca de resultados.
16. Aceptar as accións propias e as dos compañeiros na práctica deportiva.
17. Aplicar correctamente a táctica individual para resolver problemas de decisión xurdidos durante a práctica deportiva.
18. Aceptar as diferencias de habilidade con respecto aos seus compañeiros.
19. Manter unha actitude de respecto e de non discriminación cara aos seus compañeiros.
20. Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia.
21. Coñecer formas de expresión e comunicación a través do corpo e do baile.
22. Deseñar, ensaiar e realizar en grupo unha secuencia harmónica de movementos corporais a partir dun ritmo.
23. Amosar respecto polos demais e superar o medo ao ridículo e inhibicións.
24. Aprender a respirar correctamente na auga.
25. Asimilar as técnicas básicas da natación.
26. Coñecer e utilizar técnicas desenvolvidas no medio natural.
27. Amosar sensibilidade na conservación do medio natural.

B.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
PRIMEIRA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física				
	1	B1.1.	Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar	Sen libro	Set./ Out./ Nov./ Dec.	24	
		B1.2.	Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión	Sen libro			
		B1.3.	Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados	Sen libro			X
		B1.4.	Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural	Sen libro			X
		B1.5.	Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora	Sen libro			
		B1.8.	Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable	Sen libro			
		B1.9.	Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde	Sen libro			
		B1.12.	Emprego responsable do material e do equipamento deportivo	Sen libro			X
		B1.13.	Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	Sen libro			X
	B1.14.	Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado	Sen libro	X			
		B3	BLOQUE 3: Actividade física e saúde				
2	B3.1.	Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos	Sen libro	Set/ Out	14	X	

			sistemas do organismo				
		B3.2.	Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación	Sen libro			
		B3.10.	Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida	Sen libro			X
	3	B3.3.	Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva	Sen libro	Nov	3	X
		B3.4.	Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca	Sen libro			X
		B3.7.	Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde	Sen libro			X
	4	B3.5.	Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde	Sen libro	Nov/ Dec	5	X
		B3.8.	Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais	Sen libro			X
	5	B3.6.	A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde	Sen libro	Dec	1	X
	6	B3.9.	Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas	Sen libro	Dec	1	X

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
SEGUNDA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física				

7	B1.1.	Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar	Sen libro	Xan./ Feb./ Mar.	22	
	B1.2.	Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión	Sen libro			
	B1.3.	Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados	Sen libro			X
	B1.4.	Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural	Sen libro			X
	B1.5.	Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora	Sen libro			
	B1.8	Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable	Sen libro			
	B1.9	Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde	Sen libro			
	B1.12.	Emprego responsable do material e do equipamento deportivo	Sen libro			X
	B1.13.	Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	Sen libro			X
	B1.14.	Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado	Sen libro			X
8	B1.10.	Prevenção de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas	Sen libro	Xan	6	X
	B1.11.	Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios	Sen libro			X
	B4	BLOQUE 4: Os xogos e as actividades deportivas				
9	B4.2.	Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais	Sen libro	Feb	8	X
10	B4.1.	Execución e avaliación de habilidades motrices de xeito combinado vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos	Sen libro	Mar	8	X

	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
TERCEIRA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física				
	11	B1.1.	Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar	Sen libro	Abr./ Mai./ Xuñ.	24	
		B1.2.	Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión	Sen libro			
		B1.3.	Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados	Sen libro			X
		B1.4.	Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural	Sen libro			X
		B1.5.	Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora	Sen libro			
		B1.8.	Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable	Sen libro			
		B1.9.	Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde	Sen libro			
		B1.12.	Emprego responsable do material e do equipamento deportivo	Sen libro			X
		B1.13.	Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde	Sen libro			X
	B1.14.	Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado	Sen libro	X			
	12	B1.6.	Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas	Sen libro	Mar/ Abr	5	
		B1.7.	Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural	Sen libro			X
		B4	BLOQUE 4: Os xogos e as actividades deportivas				
		B4.3.	Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes ámbitos	Sen libro			X
	13	B4.4.	Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos	Sen libro	Abr/ Mai	11	X
B4.5.		Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos	Sen libro	X			

		B2	BLOQUE 2: Actividades físicas artístico-expresivas				
	14	B2.1.	Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade	Sen libro	Mai/ Xuñ	8	
		B2.2.	Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual	Sen libro			X
		B2.3.	Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular	Sen libro			X

A continuación presentamos a **temporalización** das unidades didácticas previstas para o seu desenvolvemento en segundo de educación secundaria obrigatoria; tendo en conta, que esta temporalización é flexible e que a súa realización dependerá das características propias dos grupos.

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 2º E.S.O.			
TRIMESTRE	Nº	TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA	SESIÓNS
PRIMEIRO	1	Presentación	1
	2	Manexo da contorna da aula virtual Edixgal	2
	3	O quecemento II	4
	4	Capacidades físicas relacionadas coa saúde II	10
	5	Habilidades motrices II	4
	6	Xogos tradicionais de Galicia	3
SEGUNDO	7	Hixiene postural	1
	8	As habilidades ximnásticas	6
	9	Aspectos comúns aos deportes colectivos II	3
	10	Iniciación ao baloncesto	10
	11	Prevención e tratamento de lesións deportivas	2
TERCEIRO	12	Iniciación á respiración	1
	13	Iniciación ao bádminton	6
	14	Habilidades básicas II	5
	15	O sendeirismo	6
	16	As danzas	6

C.- CONCRECIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª Aval.		Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Temas transversais							
Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificac.	Instrumentos								Temas transversais					
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
1	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC/CMCCT	Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	40%	5%		100%							X	X				
	B1.2.		EFB1.1.2.	CSC/CAA	Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	100%	25%	80%		20%						X	X		X		
			EFB1.1.3.	CSC	Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	100%	25%	100%								X				X	
	B1.3.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	40%	25%					100%							X	X	
	B1.4.		EFB1.2.2.	CSC	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	10%						100%							X	X	
	B1.5.		EFB1.2.3.	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	40%						100%							X	X	
	B1.8. B1.9.		EFB1.3.3.	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	10%						100%							X	X	
	B1.12.	B1.4.	EFB1.4.3.	CSIEE	Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	10%					100%							X	X		
	B1.13.	B1.5.	EFB1.5.1.	CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	40%	20%			20%	80%				X		X	X			
	B1.14.		EFB1.5.2.	CAA/CCL	Expón e defende traballos elaborados sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%				20%	80%					X	X	X			
2	B3.1.	B3.1.	EFB3.1.1.	CMCCT	Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	10%	60%	80%		20%					X						
	B3.2.		EFB3.1.2.	CMCCT	Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	40%	20%			100%					X						
	B3.10.	B3.2.	EFB3.2.4.	CAA	Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	40%	20%		20%	80%					X				X		
3	B3.3.	B3.1.	EFB3.1.3.	CMCCT	Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	40%	20%	80%		20%									X	X	
	B3.4.		EFB3.1.4.	CMCCT	Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	40%	40%	80%		20%					X						
	B3.7.	B3.2.	EFB3.2.1.	CAA	Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	40%	40%	80%		20%									X	X	
4	B3.5.	B3.1.	EFB3.1.5.	CMCCT	Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	40%	50%	80%		20%									X		
	B3.8.	B3.2.	EFB3.2.2.	CAA	Alcanza niveis de condición física saudables acordos ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.	40%	50%	80%		20%					X				X		
5	B3.6.	B3.1.	EFB3.1.6.	CMCCT/CSC	Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas	10%	100%					100%			X				X	X	

Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos								Temas transversais								
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
					saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.																			
6	B3.9.	B3.2.	EFB3.2.3.	CAA/CSIEE	Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	10%	100%								100%		X						X	X

2ª Aval.					Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro			Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación																	Temas transversais
-----------------	--	--	--	--	-----------------------------------------------------------------	--	--	----------------------------------------------------------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	---------------------------

Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos								Temas transversais										
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV					
7	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC/CMCCT	Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	40%	5%		100%								X	X								
	B1.2.		EFB1.1.2.	CSC/CAA	Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	100%	25%	80%		20%								X	X		X					
			EFB1.1.3.	CSC	Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	100%	25%	100%										X					X			
	B1.3.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	40%	25%						100%										X	X		
	B1.4.		EFB1.2.2.	CSC	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	10%								100%										X	X	
	B1.5.		EFB1.2.3.	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	40%									100%										X	X
		B1.8.	B1.3.	EFB1.3.3.	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	10%							100%										X	X	
		B1.9.																								
		B1.12.	B1.4.	EFB1.4.3.	CSIEE	Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	10%									100%								X	X	
		B1.13.	B1.5.	EFB1.5.1.	CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	40%	20%			20%	80%						X		X	X					
		B1.14.		EFB1.5.2.	CAA/CCL	Expón e defende traballos elaborados sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%				20%	80%									X	X	X			
	8	B1.10.	B1.4.	EFB1.4.1.	CSIEE/CSC	Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	40%	20%	80%		20%							X						X		
		B1.11.		EFB1.4.2.	CSIEE	Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	100%	80%	80%		20%								X	X					X	
9	B4.2.	B4.1.	EFB4.1.1.	CAA/CSIEE	Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e normas establecidas.	80%	30%	80%		20%								X					X	X		
			EFB4.1.2.	CAA/CSIEE	Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	80%	10%												X					X		

Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos						Temas transversais										
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
			EFB4.1.3.	CAA/CSIEE	Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	40%	30%		80%	20%						X	X							
			EFB4.1.4.	CAA/CSIEE	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	80%	30%	80%					20%		X						X	X		
10	B4.1.	B4.1.	EFB4.1.1.	CAA/CSIEE	Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e normas establecidas.	80%	30%	80%		20%						X					X	X		
			EFB4.1.2.	CAA/CSIEE	Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	80%	10%			100%						X					X			
			EFB4.1.3.	CAA/CSIEE	Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	40%	30%		80%	20%						X	X							
			EFB4.1.4.	CAA/CSIEE	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	80%	30%	80%					20%		X							X	X	

3ª Aval.		Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación	Temas transversais
-----------------	--	-----------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------	---------------------------

Tema UD	Identific. contidos	Identific. Criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos						Temas transversais									
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
11	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC/CMCCT	Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	40%	5%		100%						X	X							
			EFB1.1.2.	CSC/CAA	Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	100%	25%	80%		20%					X	X		X					
	B1.2.		EFB1.1.3.	CSC	Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	100%	25%	100%						X						X			
	B1.3.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	40%	25%					100%								X	X		
	B1.4.		EFB1.2.2.	CSC	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	10%						100%								X	X		
	B1.5.		EFB1.2.3.	CSC	Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	40%						100%									X	X	
	B1.8.	B1.3.	EFB1.3.3.	CSC	Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	10%						100%								X	X		
	B1.9.																			X	X		
	B1.12.	B1.4.	EFB1.4.3.	CSIEE	Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	10%						100%								X	X		
	B1.13.	B1.5.	EFB1.5.1.	CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	40%	20%			20%	80%				X		X	X					
B1.14.	EFB1.5.2.		CAA/CCL	Expón e defende traballos elaborados sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%				20%	80%					X	X	X						
12	B1.6.	B1.3.	EFB1.3.1.	CSC	Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas á súa idade.	40%	10%	80%		20%				X						X			

Tema UD	Identific. contidos	Identific. Criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos								Temas transversais					
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
13	B1.7.		EFB1.3.2.	CSC	Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	80%	20%	80%					20%						X	X	
	B4.3.	B4.1.	EFB4.1.1.	CAA/CSIEE	Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e normas establecidas.	80%	20%	80%		20%					X				X	X	
			EFB4.1.4.	CAA/CSIEE	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	80%	20%	80%				20%	X						X	X	
			EFB4.1.5.	CAA/CSIEE	Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	80%	30%	80%		20%			X	X					X		
13	B4.4.	B4.2.	EFB4.2.1.	CAA/CSIEE	Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	80%	30%	80%		20%				X					X		
			EFB4.2.2.	CAA/CSIEE	Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	80%	30%	80%	20%						X				X		
	B4.5.	EFB4.2.3.	CAA/CSIEE	Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	80%	30%	80%		20%					X	X						
		EFB4.2.4.	CAA/CSIEE	Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	40%	10%					100%			X					X	X	
14	B2.1.	B2.1.	EFB2.1.1.	CCEC	Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	80%	40%	80%		20%					X				X		
	EFB2.1.2.		CCEC	Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	40%	20%	80%				20%			X	X				X		
	EFB2.1.3.		CCEC	Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	40%	20%		80%			20%			X	X				X		
	B2.3.		EFB2.1.4.	CCEC	Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	40%	20%	80%	80%			20%			X	X				X	

LENDA COMPETENCIAS:

CCL	Competencia comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Competencia conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS:

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxía da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

D.- AVALIACIÓN

a. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece os seguintes criterios de avaliación en Educación Física neste curso:

- B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.
- B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas.
- B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.
- B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.
- B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.
- B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.
- B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicarlos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.
- B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo.
- B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.

B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.

do primeiro e no terceiro trimestre se avaliarán contidos do primeiro e do segundo. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto nos traballos obrigatorios coma na proba teórica, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes conceptuais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos procedimentais** terán unha consideración do 50% na cualificación dos alumnos. A nota será a media de tódalas probas prácticas que se realicen **cada trimestre**, do caderno diario do alumno, da nota do traballo diario realizado polo alumno, das prácticas avaliadas realizadas en clase e das tarefas propostas na aula virtual. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos en cada unha das probas prácticas, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes procedimentais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos actitudinais** terán unha consideración do 30% na cualificación dos alumnos **cada trimestre**. A nota será a media da asistencia, a hixiene persoal e a actitude (o cumprimento das normas, o interese, a participación, o esforzo, a vestimenta axeitada, a cooperación, ...). **As faltas de asistencia inxustificadas restarán medio punto** da nota con incidencia neste apartado. **As faltas de puntualidade inxustificadas restarán** da nota con incidencia neste apartado: **unha décima, unha falta de puntualidade, e medio punto, cada tres faltas de puntualidade**. A valoración da hixiene persoal se realizará tódolos días que se realice actividade física, tendo que, como mínimo, cambiarse a camiseta usada na clase por unha limpa e asearse con auga e xabón; cada día que non se realice a hixiene persoal se restará da nota a parte proporcional correspondente a ese día. A actitude se valorará tódolos días; **cada negativo por ter unha actitude contraria ás normas restará un cuarto de punto** da nota con incidencia neste apartado. **Unha amoestación cun parte de incidencia restará un punto** da nota deste apartado. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto na asistencia coma na hixiene persoal e na actitude, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes actitudinais polo que non poderá superar a materia.

Cada falta de asistencia a clase deberá ser debidamente xustificada mediante xustificante médico ou paterno que deberá ser entregado o primeiro día que volva a ter Educación Física despois da ausencia. As faltas de asistencia xustificadas non restarán puntos da nota. Cando un alumno non se presente a unha proba escrita ou práctica, deberá presentar un **xustificante médico** que certifique a non asistencia á proba para poder facérllela noutra data. Se non é así, o alumno suspenderá a avaliación correspondente.

Cando un alumno teña faltas de asistencia, **por causa xustificada**, durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica, deberá realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais.

Cando un alumno non faga a clase práctica deberá xustificar debidamente o motivo mediante xustificante médico ou paterno. Se non presenta dito xustificante se **restará un cuarto de punto por cada día que non faga a clase práctica** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais. Ademais, cando un alumno non faga a clase práctica terá que permanecer na aula e realizar un traballo teórico-

práctico proposto polo profesor que consistirá en enumerar e describir tódolos exercicios e tarefas que os seus compañeiros realicen durante a clase práctica e que se entregará ao final da sesión. Este traballo se avaliará dentro do apartado de traballo diario dos contidos procedimentais. Se non presenta dito traballo ao final da sesión **restará un cuarto de punto por cada día que non o entregue** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais.

Ademais do exposto no paragrafo anterior, cando un alumno non faga a clase práctica durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica ou non poida realizar a proba práctica para valorar os contidos procedimentais desa unidade, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais. **Se non presenta dito certificado non terá dereito a ser avaliado segundo as medidas de atención á diversidade expostas neste documento** e por tanto non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.

Cando un alumno asista a clase sen a roupa e/ou o calzado axeitados perderá o dereito a realizar a sesión práctica coas seguintes penalizacións na nota segundo o exposto anteriormente nos apartados de traballo diario, realización da parte práctica da clase, hixiene persoal, actitude, ...

Para superar positivamente cada trimestre o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos na suma das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Pero, a nota en cada un dos contidos mencionados deberá ser, ao menos, de “catro” puntos para poder superar o trimestre. Naqueles casos nos que isto non suceda, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándose-lles tarefas teórico-prácticas que lles faciliten a recuperación da materia.

A cualificación de cada trimestre se calculará sumando os puntos acadados en cada unha das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. O seu valor será o número enteiro acadado polo alumno **sen considerar os decimais**.

A nota da avaliación final de xuño será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres **tendo en conta os decimais** e redondeando a partir da sexta décima, sempre que a nota mínima en cada un dos trimestres fora de cinco puntos. Establecéndose de forma xeral e como **criterio de promoción** a nota mínima de cinco puntos na nota final.

ADAPTACIÓN SITUACIÓN COVID

Cumprirase a normativa vixente en cada momento, tanto a xeral do centro coma a particular para a materia e espazos de Educación Física.

Actualmente empregaremos os vestiarios con restricións (so poderán cambiarse a camiseta e non poderán usar os lavabos), pola imposibilidade de cumprir a normativa ao mesmo tempo que garantir unha organización adecuada do seu uso, polo que a cualificación do apartado “hixiene persoal” valórase en función do cumprimento do protocolo COVID, no referente ao cambio de camiseta nos lugares asignados para cada alumno (sen utilizar os lavabos), hixiene de mans, uso correcto da máscara, distancia de seguridade e desinfección do material común de uso individual. Porén, **aqueles alumnos que prefiran non realizar o cambio de camiseta**, o 30% da súa nota do apartado de contidos actitudinais será a media da asistencia e da actitude.

c.2. PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Polo tanto, cando un alumno non acade os obxectivos mínimos nunha avaliación, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándosele tarefas teórico-prácticas que lle faciliten a recuperación da materia.

c.3. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría tendo en conta a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Nese sentido, para os alumnos que teñan unha parte da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, se realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva da materia de Educación Física farase efectiva na avaliación final de curso.

Tanto a derradeira avaliación parcial como a avaliación final realizarase nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar.

Estas actividades constará de dúas partes: unha **parte teórica** e unha **parte práctica**. A **parte teórica**, que supón o 60% da nota final, consistirá nun exame de preguntas cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. vistas durante o curso, e na presentación do caderno de clase e dos traballos teóricos propostos polo profesor ao longo do curso. A **parte práctica**, que supón o 40% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos procedimentais do curso. Para a realización da parte práctica da proba o alumno deberá asistir coa roupa e o calzado axeitados.

Cando un alumno non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar **obrigatoriamente** o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que presentar obrigatoriamente os traballos teórico-prácticos propostos polo profesor sobre o contidos procedimentais desenvolvidos ao longo do curso. Estes traballos se avaliarán dentro da parte práctica da proba. **Se non presenta dito certificado non poderá superar a materia ao non acadar os obxectivos mínimos da mesma.**

Para superar positivamente a avaliación final de xuño o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica. A nota da avaliación final de xuño será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

c.4. ALUMNOS CON EDUCACIÓN FÍSICA PENDENTE

Aqueles alumnos que promocionen de curso sen alcanzar os obxectivos nin superar os contidos de **primeiro e/ou segundo curso de E.S.O.** na materia de Educación Física, se lles fará un seguimento por parte deste departamento, sendo o encargado directo deste seguimento o profesor que lle imparta clase no presente curso.

Dado o carácter continuo que ten a materia, para recuperala terá gran valor o nivel e desenvolvemento que o alumno mostre no curso presente. Ademais poderá verse reforzado coa realización doutras tarefas compensatorias, como traballos ou probas escritas e prácticas daqueles contidos que non se impartan no seu curso actual.

Os alumnos que superen as tres avaliacións no presente curso superarán a materia do curso pasado, sendo a cualificación da materia do curso anterior a mesma que a que obteñan no presente curso.

Os alumnos avaliados negativamente ao finalizar o presente curso non superarán a materia do curso pasado. Sen embargo, gozarán da convocatoria que lles ofrece a lexislación vixente, por medio da cal poderán superar a materia na proba de recuperación de pendentos que se realizará en maio segundo o calendario que deberá fixar a xefatura de estudos do centro.

Esta proba constará de dúas partes: unha **parte teórica** e unha **parte práctica**. A **parte teórica**, que supón o 60% da nota final, consistirá nun exame de preguntas

cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. desenvolvidas no curso que o alumno non superou segundo se recolle na programación correspondente. A **parte práctica**, que supón o 40% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos procedimentais desenvolvidos no curso que o alumno non superou segundo se recolle na programación correspondente. Para a realización da parte práctica da proba o alumno deberá asistir coa roupa e o calzado axeitados.

Cando un alumno non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que presentar obrigatoriamente os traballos teórico-prácticos propostos polo profesor sobre o contidos procedimentais desenvolvidos ao longo do curso. Estes traballos se avaliarán dentro da parte práctica da proba. **Se non presenta dito certificado non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.**

Para superar positivamente a proba de recuperación de pendentes o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica. A nota final da proba de recuperación de pendentes será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO: 4º E.S.O.

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

A.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA 4º E.S.O.

Como referencia para os alumnos e para as decisións do profesor necesarias para dar por superada a materia, establécense os seguintes criterios mínimos a alcanzar polos alumnos de cuarto curso de E.S.O. Estes criterios mínimos representan, a súa vez os obxectivos mínimos que deberán superar os alumnos deste curso, aínda que, para os alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo deberán ser considerados e aplicados individualmente.

Os **obxectivos mínimos** que os alumnos deberán alcanzar para superar cuarto de educación secundaria obrigatoria son os seguintes:

1. Coñecer os efectos do quecemento xeral e as pautas para a súa elaboración.
2. Elaborar e realizar autonomamente quecementos xerais e específicos.
3. Valorar os efectos beneficiosos do quecemento.
4. Identificar os hábitos hixiénicos e saudables relacionados coa actividade física.
5. Atender á súa hixiene persoal logo da clase práctica.
6. Valorar positiva determinados hábitos como usar a indumentaria axeitada, a hixiene persoal...
7. Realizar actividades que lle permitan desenvolver as capacidades físicas relacionadas coa saúde.
8. Diseñar un plan de traballo dunha capacidade física relacionada coa saúde.
9. Desenvolver actitudes de autoexixencia e superación.
10. Coñecer os aspectos técnicos e tácticos dos deportes seleccionados.
11. Coñecer e aceptar as normas básicas de seguridade nas piscinas.

12. Aplicar correctamente a técnica ás situacións de xogo dos deportes traballados.
13. Amosar unha actitude cooperativa dentro dunha labor de equipo.
14. Manter unha actitude de respecto cara os compañeiros, rivais, árbitros...
15. Manter unha actitude deportiva por riba da busca de resultados.
16. Aceptar as accións propias e as dos compañeiros na práctica deportiva.
17. Aplicar correctamente a táctica individual para resolver problemas de decisión xurdidos durante a práctica deportiva.
18. Aceptar as diferencias de habilidade con respecto aos seus compañeiros.
19. Manter unha actitude de respecto e de non discriminación cara aos seus compañeiros.
20. Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia, propios do contorno do centro.
21. Coñecer formas de expresión e comunicación a través do corpo e do baile.
22. Deseñar, ensaiar e realizar unha coreografía en grupo con soporte musical.
23. Amosar respecto polos demais e superar o medo ao ridículo e inhibicións.
24. Aprender a respirar correctamente na auga.
25. Asimilar as técnicas básicas da natación.
26. Coñecer e utilizar técnicas desenvolvidas no medio natural.
27. Amosar sensibilidade na conservación do medio natural.

B.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
PRIMEIRA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física				
	1	B1.1.	Deseño e realización das fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar	Sen libro	Set./ Out./ Nov./ Dec.	24	
		B1.2.	Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións	Sen libro			
		B1.3.	Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións	Sen libro			X
		B1.4.	Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a	Sen libro			X
		B1.8.	Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo	Sen libro			
		B1.9.	Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo en equipo	Sen libro			
		B1.10.	Técnicas de traballo en equipo	Sen libro			
		B1.11.	Técnicas de traballo colaborativo	Sen libro			X
		B1.12.	Xogo limpo como actitude social responsable	Sen libro			X
		B1.13.	Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionadas coa saúde	Sen libro			X
	B3	BLOQUE 3: Actividade física e saúde					

	2	B3.1.	Efectos negativos que determinados hábitos de vida e consumo teñen sobre a condición física e a saúde.	Sen libro	Set/ Out	14	X
		B3.2.	Actividade física e saúde	Sen libro			
		B3.3.	Realización de exercicios para a consecución dunha óptima hixiene postural	Sen libro			X
		B3.4.	Alimentación: repercusión na saúde e na actividade física	Sen libro			X
	3	B3.5.	Valoración e toma de conciencia da propia condición física e da predisposición a melloralas	Sen libro	Nov	2	X
	4	B3.8.	Métodos de avaliación da condición física en relación coa saúde	Sen libro	Nov/ Dec	5	X
	5	B3.6.	Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo que integre as capacidades físicas relacionadas coa saúde	Sen libro	Dec	2	X
6	B3.7.	Valoración e aplicación de técnicas e métodos de relaxación e respiración de xeito autónomo, co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida	Sen libro	Dec	1	X	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
SEGUNDA		B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física				

	7	B1.1.	Deseño e realización das fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar	Sen libro	Xan./ Feb./ Mar.	22	
		B1.2.	Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións	Sen libro			
		B1.3.	Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións	Sen libro			X
		B1.4.	Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a	Sen libro			X
		B1.8.	Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo	Sen libro			
		B1.9.	Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo en equipo	Sen libro			
		B1.10.	Técnicas de traballo en equipo	Sen libro			
		B1.11.	Técnicas de traballo colaborativo	Sen libro			X
		B1.12.	Xogo limpo como actitude social responsable	Sen libro			X
	B1.13.	Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionadas coa saúde	Sen libro	X			
	8	B1.5.	Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns que poden manifestarse na práctica deportiva	Sen libro	Xan	6	X
		B1.6.	Protocolos básicos de primeiros auxilios	Sen libro			X
		B1.7.	Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas	Sen libro			X
	B4	BLOQUE 4: Os xogos e as actividades deportivas					
9	B4.1.	Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica	Sen libro	Feb	8	X	
10	B4.3.	Coñecemento e práctica de xogos e de deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de	Sen libro	Mar	8	X	

		información sobre variacións locais				
--	--	-------------------------------------	--	--	--	--

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
TERCEIRA	11	B1	BLOQUE 1: Contidos comúns en Educación Física		Abr./ Mai./ Xuñ.	24	
		B1.1.	Deseño e realización das fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar	Sen libro			
		B1.2.	Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións	Sen libro			
		B1.3.	Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións	Sen libro			X
		B1.4.	Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a	Sen libro			X
		B1.8.	Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo	Sen libro			
		B1.9.	Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo en equipo	Sen libro			
		B1.10.	Técnicas de traballo en equipo	Sen libro			
		B1.11.	Técnicas de traballo colaborativo	Sen libro			X
		B1.12.	Xogo limpo como actitude social responsable	Sen libro			X
	B1.13.	Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionadas coa saúde	Sen libro	X			
	12	B4	BLOQUE 4: Os xogos e as actividades deportivas		Mar/	5	

		B4.4.	Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural	Sen libro	Abr		
		B4.5.	Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural	Sen libro			
		B4.6.	Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural	Sen libro			X
	13	B4.2.	Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica	Sen libro	Abr/ Mai	11	X
		B2	BLOQUE 2: Actividades físicas artístico-expresivas				
14	B2.1.	Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa sistematización: espazo, tempo e intensidade	Sen libro	Mai/ Xuñ	8	X	

A continuación presentamos a **temporalización** das unidades didácticas previstas para o seu desenvolvemento en cuarto de educación secundaria obrigatoria; tendo en conta, que esta temporalización é flexible e que a súa realización dependerá das características propias dos grupos.

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 4º E.S.O.			
TRIMESTRE	Nº	TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA	SESIÓNS
PRIMEIRO	1	Presentación	1
	2	Manexo da contorna da aula virtual do IES de Barro	2
	3	O quecemento IV	4
	4	Capacidades físicas relacionadas coa saúde IV	10
	5	Sistemas para o desenvolvemento das capacidades físicas II	3
	6	Xogos tradicionais de Galicia	4
SEGUNDO	7	Programa persoal de mellora dunha capacidade física	1
	8	As habilidades ximnásticas: o acrosport	6
	9	A organización ataque-defensa nos deportes de equipo	3
	10	O balonmán	10
	11	Os primeiros auxilios	2
TERCEIRO	12	As técnicas e métodos de relaxación	1
	13	O atletismo	4
	14	Habilidades coordinativas II	7
	15	A orientación	4
	16	Os bailes de salón	8

C.- CONCRECIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª Aval.					Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais								
Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificac.	Instrumentos							Temas transversais						
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
1	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC	Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.	40%	5%		100%						X	X					
	B1.2.		EFB1.1.2.	CSC	Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.	100%	25%	80%		20%				X	X		X				
			EFB1.1.3.	CSC	Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	100%	25%	100%						X				X			
	B1.3.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.	40%	5%					100%						X	X		
			EFB1.2.2.	CSC	Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.	10%							100%				X	X			
			EFB1.2.3.	CSC	Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizarlos na súa práctica de maneira autónoma.	40%					100%					X	X				
	B1.4.	B1.3.	EFB1.3.1.	CSC	Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.	10%							100%				X	X			
			EFB1.3.2.	CSC/CCEC	Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.	10%							100%		X		X	X			
			EFB1.3.3.	CSC	Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	10%							100%		X		X	X			
	B1.8.	B1.4.	EFB1.4.1.	CSIEE	Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	100%							100%					X			
	B1.9.	B1.5.	EFB1.5.1.	CSC	Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.	40%		20%						100%				X		X	X
	B1.10.																				
	B1.11.																				
	B1.12.		EFB1.5.2.	CSC	Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	40%							100%					X	X		
	B1.13.	B1.6.	EFB1.6.1.	CD/CCL	Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%		20%			20%	80%			X		X	X			
EFB1.6.2.			CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	40%					20%	80%			X		X	X				
EFB1.6.3.			CD/CCL	Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	40%					20%		80%		X	X	X	X				
2	B3.1.	B3.1.	EFB3.1.1.	CMCCT	Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	40%		50%	80%		20%			X				X			
	B3.2.		EFB3.1.2.	CMCCT	Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.	40%	20%				100%		X								
	B3.3.		EFB3.1.3.	CMCCT	Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos	40%	15%			50%			50%	X	X			X			

Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos								Temas transversais									
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Individ.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
					seus efectos na condición física e a saúde.																				
	B3.4.		EFB3.1.4.	CMCCT	Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	40%	15%			20%	80%						X						X		
3	B3.5.	B3.2.	EFB3.2.1.	CMCCT	Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	40%	100%	80%		20%							X						X		
4	B3.8.	B3.2.	EFB3.2.4.	CMCCT	Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.	40%	100%	80%		20%							X						X		
5	B3.6.	B3.2.	EFB3.2.3.	CMCCT	Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	40%	100%	50%				50%					X	X				X			
6	B3.7.	B3.2.	EFB3.2.2.	CMCCT	Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	40%	100%				50%		50%				X	X						X	

2ª Aval.		Estándares de aprendizaxe aviables/indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación	Temas transversais
-----------------	--	----------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------	---------------------------

Tema UD	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos								Temas transversais												
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Individ.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV							
	B1.1.		EFB1.1.1.	CSC	Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.	40%	5%		100%								X	X										
	B1.2.	B1.1.	EFB1.1.2.	CSC	Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.	100%	25%	80%		20%							X	X		X								
			EFB1.1.3.	CSC	Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	100%	25%	100%										X						X				
	B1.3.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.	40%	5%					100%											X	X				
			EFB1.2.2.	CSC	Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.	10%						100%												X	X			
			EFB1.2.3.	CSC	Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.	40%					100%														X	X		
	B1.4.	B1.3.	EFB1.3.1.	CSC	Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.	10%						100%												X	X			
			EFB1.3.2.	CSC/CCEC	Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.	10%						100%				X								X	X			
			EFB1.3.3.	CSC	Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	10%						100%				X									X	X		
	B1.8.	B1.4.	EFB1.4.1.	CSIEE	Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	100%	20%						100%										X					

	B1.9.	B1.5.	EFB1.5.1.	CSC	Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.	40%								100%							X	X	X				
	B1.10.																										
	B1.11.																										
	B1.12.		EFB1.5.2.	CSC	Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	40%							100%									X	X	X			
	B1.13.	B1.6.	EFB1.6.1.	CD/CCL	Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%	20%			20%	80%														X	X	X
			EFB1.6.2.	CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	40%				20%	80%														X	X	X
			EFB1.6.3.	CD/CCL	Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	40%				20%	80%														X	X	X
8	B1.5.	B1.4.	EFB1.4.2.	CSIEE	Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.	40%	40%	80%	20%																X	X	
	B1.6.		EFB1.4.3.	CSIEE	Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.	60%	60%	80%	20%																	X	X
	B1.7.																										
9	B4.1.	B4.1.	EFB4.1.1.	CAA/CSIEE	Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.	40%	35%	80%	20%																	X	X
			EFB4.1.2.	CAA/CSIEE	Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.	40%	35%	80%	20%																	X	X
			EFB4.1.3.	CAA/CSIEE	Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	40%	30%	80%	20%																		X
10	B4.3.	B4.2.	EFB4.2.6.	CAA/CSIEE	Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.	40%	100%	80%	20%																	X	X

3ª Aval.	Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación	Temas transversais
-----------------	-----------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------	---------------------------

Tema UD	Identific. contidos	Identific. Criterios	Identific. Estándar	Compet. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificac.	Instrumentos										Temas transversais										
								Prob. Práct.	Cade. Clase	Prob. Escrit.	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Obse.	Rúb.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV							
11	B1.1.	B1.1.	EFB1.1.1.	CSC	Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.	40%	5%		100%								X	X										
	B1.2.		EFB1.1.2.	CSC	Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.	100%	25%	80%	20%									X	X		X							
			EFB1.1.3.	CSC	Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	100%	25%	100%										X						X				
	B1.3.	B1.2.	EFB1.2.1.	CSC	Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.	40%	5%					100%											X	X				
			EFB1.2.2.	CSC	Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.	10%																		X	X			
			EFB1.2.3.	CSC	Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizarlos na súa práctica de maneira autónoma.	40%					100%														X	X		
	B1.4.	B1.3.	EFB1.3.1.	CSC	Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.	10%							100%											X	X			
			EFB1.3.2.	CSC/CCEC	Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.	10%								100%							X			X	X			

		EFB1.3.3.	CSC	Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.	10%									100%				X			X	X		
	B1.8.	B1.4.	EFB1.4.1.	CSIEE	Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.	100%								100%							X			
	B1.9.	B1.5.	EFB1.5.1.	CSC	Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.	40%	20%							100%					X		X	X		
B1.10.																								
B1.11.																								
	B1.12.	EFB1.5.2.	CSC	Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.	40%									100%						X	X			
	B1.13.	B1.6.	EFB1.6.1.	CD/CCL	Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	40%	20%			20%	80%							X		X	X			
EFB1.6.2.			CD/CCL	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	40%						20%	80%								X		X	X	
EFB1.6.3.			CD/CCL	Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.	40%						20%		80%								X	X	X	X
12	B4.4.	B4.3.	EFB4.3.1.	CSC/CMCCT	Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.	40%	35%			80%				20%	X	X						X		
	B4.5.		EFB4.3.2.	CSC/CMCCT	Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.	40%	35%	40%		40%				20%		X								
	B4.6.		EFB4.3.3.	CSC/CMCCT	Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	40%	30%							100%									X	
13	B4.2.	B4.2.	EFB4.2.1.	CAA/CSIEE	Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.	40%	20%	60%		20%				20%		X							X	
			EFB4.2.2.	CAA/CSIEE	Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.	40%	200%	60%		20%					20%		X						X	
			EFB4.2.3.	CAA/CSIEE	Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	40%	20%	60%		20%					20%		X							X
			EFB4.2.4.	CAA/CSIEE	Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.	40%	20%	60%		20%					20%		X							X
			EFB4.2.5.	CAA/CSIEE	Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.	40%	20%	60%		20%					20%		X							X
14	B2.1.	B2.1.	EFB2.1.1.	CCEC	Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	40%	35%	40%		20%			40%		X	X							X	
			EFB2.1.2.	CCEC	Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	40%	35%	40%		20%			40%		X	X							X	
			EFB2.1.3.	CCEC	Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	40%	30%	40%		20%			40%		X	X								X

LENDA COMPETENCIAS:

CCL	Competencia comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital

LENDA TRANSVERSAIS:

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual

CAA Competencia aprender a aprender
CSC Competencias sociais e cívicas
CSIEE Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC Competencia conciencia e expresións culturais

TIC Tecnoloxía da información e comunicación
EMP Emprendemento
EC Educación cívica
PV Prevención da violencia

D.- AVALIACIÓN

a. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece os seguintes criterios de avaliación en Educación Física neste curso:

- B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.
- B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as.
- B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.
- B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes.
- B1.5. Demostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas.
- B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.
- B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.
- B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.
- B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.

- B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.
- B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.
- B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.

b. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

A data de realización da avaliación inicial será durante a segunda e terceira sesión do curso.

A proba consistirá na realización práctica por parte dos alumnos de:

- Un quecemento xeral individual.
- Un xogo colaborativo, se as condicións o permiten.
- O xogo “Os dez pases orientados” en grupos de tres contra tres, se as condicións o permiten.

Ademais, rexistrarase o historial de cada alumno en relación as súas lesións ou enfermidades que podan afectar ao seu normal desenvolvemento físico.

Despois da xunta de profesores na avaliación inicial, as familias poderán ser informadas dos resultados deste avaliación a través do titor do curso.

Esta proba servirá para coñecer o nivel inicial dos alumnos propiciando que se poidan facer os axustes que fosen necesarios na programación do curso para tentar que os alumnos acaden os obxectivos plantexados. A partir desta proba valorarase a adopción das medidas de atención curricular en cada un dos casos.

c. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

c.1. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Coa intención de que a avaliación sexa o máis obxectiva posible, con carácter xeral nos **criterios de cualificación** ponderaremos a adquisición das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e actitudinais.

A nota final en cada unha das tres avaliacións parciais será a suma das notas ponderadas de cada un destes contidos sen ter en conta os decimais. Na nota da

avaliación final de xuño si se terá en conta os decimais, redondeando a partir da sexta décima.

Os **contidos conceptuais** terán unha consideración do 20% na cualificación dos alumnos. A nota será a media entre os traballos obrigatorios propostos e unha proba escrita, **que se realizarán cada trimestre**. Para os traballos escritos proporcionarase un guión que fixará os contidos a desenvolver e a forma de valoralos. Por ser a materia acumulativa, no segundo trimestre se avaliarán contidos do primeiro e no terceiro trimestre se avaliarán contidos do primeiro e do segundo. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto nos traballos obrigatorios coma na proba teórica, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes conceptuais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos procedimentais** terán unha consideración do 50% na cualificación dos alumnos. A nota será a media de tódalas probas prácticas que se realicen **cada trimestre**, do caderno diario do alumno, da nota do traballo diario realizado polo alumno, das prácticas avaliadas realizadas en clase e das tarefas propostas na aula virtual. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos en cada unha das probas prácticas, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes procedimentais polo que non poderá superar a materia.

Os **contidos actitudinais** terán unha consideración do 30% na cualificación dos alumnos **cada trimestre**. A nota será a media da asistencia, a hixiene persoal e a actitude (o cumprimento das normas, o interese, a participación, o esforzo, a vestimenta axeitada, a cooperación, ...). **As faltas de asistencia inxustificadas restarán medio punto** da nota con incidencia neste apartado. **As faltas de puntualidade inxustificadas restarán** da nota con incidencia neste apartado: **unha décima, unha falta de puntualidade, e medio punto, cada tres faltas de puntualidade**. A valoración da hixiene persoal se realizará tódolos días que se realice actividade física, tendo que, como mínimo, cambiarse a camiseta usada na clase por unha limpa e asearse con auga e xabón; cada día que non se realice a hixiene persoal se restará da nota a parte proporcional correspondente a ese día. A actitude se valorará tódolos días; **cada negativo por ter unha actitude contraria ás normas restará un cuarto de punto** da nota con incidencia neste apartado. **Unha amoestación cun parte de incidencia restará un punto** da nota deste apartado. Se un alumno non acada unha nota de, ao menos, “catro” puntos tanto na asistencia coma na hixiene persoal e na actitude, se considerará que non superou os contidos mínimos das aprendizaxes actitudinais polo que non poderá superar a materia.

Cada falta de asistencia a clase deberá ser debidamente xustificada mediante xustificante médico ou paterno que deberá ser entregado o primeiro día que volva a ter Educación Física despois da ausencia. As faltas de asistencia xustificadas non restarán puntos da nota. Cando un alumno non se presente a unha proba escrita ou práctica, deberá presentar un **xustificante médico** que certifique a non asistencia á proba para poder facérllela noutra data. Se non é así, o alumno suspenderá a avaliación correspondente.

Cando un alumno teña faltas de asistencia, **por causa xustificada**, durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica, deberá realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento

de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais.

Cando un alumno non faga a clase práctica deberá xustificar debidamente o motivo mediante xustificante médico ou paterno. Se non presenta dito xustificante se **restará un cuarto de punto por cada día que non faga a clase práctica** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais. Ademais, cando un alumno non faga a clase práctica terá que permanecer na aula e realizar un traballo teórico-práctico proposto polo profesor que consistirá en enumerar e describir tódolos exercicios e tarefas que os seus compañeiros realicen durante a clase práctica e que se entregará ao final da sesión. Este traballo se avaliará dentro do apartado de traballo diario dos contidos procedimentais. Se non presenta dito traballo ao final da sesión **restará un cuarto de punto por cada día que non o entregue** na nota do apartado de asistencia dos contidos actitudinais.

Ademais do exposto no parágrafo anterior, cando un alumno non faga a clase práctica durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica ou non poida realizar a proba práctica para valorar os contidos procedimentais desa unidade, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que realizar un traballo teórico-práctico a proposta do profesor sobre aspectos tratados no desenvolvemento de dita unidade didáctica. Este traballo se avaliará como unha das probas dos contidos procedimentais. **Se non presenta dito certificado non terá dereito a ser avaliado segundo as medidas de atención á diversidade expostas neste documento** e por tanto non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.

Cando un alumno asista a clase sen a roupa e/ou o calzado axeitados perderá o dereito a realizar a sesión práctica coas seguintes penalizacións na nota segundo o exposto anteriormente nos apartados de traballo diario, realización da parte práctica da clase, hixiene persoal, actitude, ...

Para superar positivamente cada trimestre o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos na suma das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Pero, a nota en cada un dos contidos mencionados deberá ser, ao menos, de “catro” puntos para poder superar o trimestre. Naqueles casos nos que isto non suceda, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándose-lles tarefas teórico-prácticas que lles faciliten a recuperación da materia.

A cualificación de cada trimestre se calculará sumando os puntos acadados en cada unha das notas ponderadas obtidas nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. O seu valor será o número enteiro acadado polo alumno **sen considerar os decimais**.

A nota da avaliación final de xuño será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres **tendo en conta os decimais** e redondeando a partir da sexta décima, sempre que a nota mínima en cada un dos trimestres fora de cinco puntos.

Establecéndose de forma xeral e como **criterio de promoción** a nota mínima de cinco puntos na nota final.

ADAPTACIÓN SITUACIÓN COVID

Cumprirase a normativa vixente en cada momento, tanto a xeral do centro coma a particular para a materia e espazos de Educación Física.

Actualmente empregaremos os vestiarios con restricións (so poderán cambiarse a camiseta e non poderán usar os lavabos), pola imposibilidade de cumprir a normativa ao mesmo tempo que garantir unha organización adecuada do seu uso, polo que a cualificación do apartado “hixiene persoal” valórase en función do cumprimento do protocolo COVID, no referente ao cambio de camiseta nos lugares asignados para cada alumno (sen utilizar os lavabos), hixiene de mans, uso correcto da máscara, distancia de seguridade e desinfección do material común de uso individual. Porén, **aqueles alumnos que prefiran non realizar o cambio de camiseta**, o 30% da súa nota do apartado de contidos actitudinais será a media da asistencia e da actitude.

c.2. PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Polo tanto, cando un alumno non acade os obxectivos mínimos nunha avaliación, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándoselle tarefas teórico-prácticas que lle faciliten a recuperación da materia.

c.3. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría tendo en conta a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Nese sentido, para os alumnos que teñan unha parte da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, se realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes

actividades de recuperación. A cualificación definitiva da materia de Educación Física farase efectiva na avaliación final de curso.

Tanto a derradeira avaliación parcial como a avaliación final realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar.

Estas actividades constará de dúas partes: unha **parte teórica** e unha **parte práctica**. A **parte teórica**, que supón o 60% da nota final, consistirá nun exame de preguntas cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. vistas durante o curso, e na presentación do caderno de clase e dos traballos teóricos propostos polo profesor ao longo do curso. A **parte práctica**, que supón o 40% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos procedimentais do curso. Para a realización da parte práctica da proba o alumno deberá asistir coa roupa e o calzado axeitados.

Cando un alumno non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar **obrigatoriamente** o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que presentar obrigatoriamente os traballos teórico-prácticos propostos polo profesor sobre o contidos procedimentais desenvolvidos ao longo do curso. Estes traballos se avaliarán dentro da parte práctica da proba. **Se non presenta dito certificado non poderá superar a materia ao non acadar os obxectivos mínimos da mesma.**

Para superar positivamente a avaliación final de xuño o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica. A nota da avaliación final de xuño será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

c.4. ALUMNOS CON EDUCACIÓN FÍSICA PENDENTE

Aqueles alumnos que promocionen de curso sen alcanzar os obxectivos nin superar os contidos de **primeiro, segundo e/ou terceiro curso de E.S.O.** na materia de Educación Física, se lles fará un seguimento por parte deste departamento, sendo o encargado directo deste seguimento o profesor que lle imparta clase no presente curso.

Dado o carácter continuo que ten a materia, para recuperala terá gran valor o nivel e desenvolvemento que o alumno mostre no curso presente. Ademais poderá verse reforzado coa realización doutras tarefas compensatorias, como traballos ou probas escritas e prácticas daqueles contidos que non se impartan no seu curso actual.

Os alumnos que superen as tres avaliacións no presente curso superarán a materia do curso pasado, sendo a cualificación da materia do curso anterior a mesma que a que obteñan no presente curso.

Os alumnos avaliados negativamente ao finalizar o presente curso non superarán a materia do curso pasado. Sen embargo, gozarán da convocatoria que lles ofrece a

lexislación vixente, por medio da cal poderán superar a materia na proba de recuperación de pendentes que se realizará en maio segundo o calendario que deberá fixar a xefatura de estudos do centro.

Esta proba constará de dúas partes: unha **parte teórica** e unha **parte práctica**. A **parte teórica**, que supón o 60% da nota final, consistirá nun exame de preguntas cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. desenvolvidas no curso que o alumno non superou segundo se recolle na programación correspondente. A **parte práctica**, que supón o 40% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos procedimentais desenvolvidos no curso que o alumno non superou segundo se recolle na programación correspondente. Para a realización da parte práctica da proba o alumno deberá asistir coa roupa e o calzado axeitados.

Cando un alumno non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un **certificado médico oficial** no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver e terá que presentar obrigatoriamente os traballos teórico-prácticos propostos polo profesor sobre o contidos procedimentais desenvolvidos ao longo do curso. Estes traballos se avaliarán dentro da parte práctica da proba. **Se non presenta dito certificado non poderá superar a materia ao non acadar os contidos mínimos da mesma.**

Para superar positivamente a proba de recuperación de pendentes o alumno terá que obter, ao menos, unha cualificación de “cinco” puntos tanto na parte teórica como na práctica. A nota final da proba de recuperación de pendentes será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Os principios metodolóxicos xerais constitúen a fonte pedagóxica da programación. A idea fundamental que sustenta estes principios é que o alumno é o principal artífice do seu propio aprendizaxe e que o profesor convértese en mediador ou guía neste proceso, permitindo establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.

Non existe unha metodoloxía única e válida para tódalas situacións, polo tanto, nós utilizaremos aquela que nos axude a alcanzar a progresiva **autonomía** e **educación integral** do alumno como obxectivo de final de etapa. Para isto, nos baseamos nos principios que establece o currículo, destacando que o alumno realice aprendizaxes significativos por si, é dicir, que aprenda a aprender.

Como **técnica de ensinanza** empregaremos: a **instrución directa** naquelas unidades nas que o aprendizaxe precise dun rendemento mecánico como factor vital para que o obxectivo proposto se poida alcanzar de forma eficaz, e a **técnica mediante a busca** nas unidades didácticas que nos interese que o alumno desenvolva os procesos dedutivos e de enriquecemento.

En canto ao **estilo de ensinanza** empregaremos aquel máis axeitado a cada situación desde os máis directivos como o **mando directo modificado**, ata os máis produtivos e creativos como o **descubrimento guiado**.

Como **estratexia na práctica** utilizaremos tarefas **globais** sempre que sexa posible e acudiremos ás **analíticas** cando sexa necesario en función da natureza do traballo a realizar.

Os recursos ocupan un papel importantísimo dado o carácter procedimental da materia, por iso, unha boa selección do **material** favorece notablemente a práctica en Educación Física. Nesta selección do material teremos en conta os seguintes criterios: a súa utilidade, facilidade de acceso para os alumnos, polivalencia, variedade en canto a forma e contido, carácter multifuncional e que non sexan perigosos.

En canto os criterios para os **agrupamentos** debemos ter en conta que todo grupo é heteroxéneo por natureza, o que implica a existencia de alumnos avantaxados e desavantaxados con respecto a maioría. Todo isto ofrece múltiples posibilidades de acción en torno á creación de grupos de traballo: de nivel, cooperativos, homoxéneos, cun colaborador, heteroxéneos, etc.; de maneira que, esta organización debe estar motivada polo coñecemento dos alumnos, polo obxectivos, polas características das actividades, e as veces, aínda que non é desexable pola existencia ou non de material.

O aproveitamento, o uso e a organización do **tempo** e do **espazo** de clase resulta fundamental para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe evitando perdas de tempo nos vestiarios, establecendo rutinas que favorezan o aproveitamento dese tempo (onde colocarse durante a información inicial, como

coller e recoller o material,...), proponendo actividades significativas para os alumnos, etc.

Tamén teremos en conta que **información** damos aos alumnos e como e cando a comunicamos, reforzando de esta forma o feedback interno do alumno co feedback externo que lle proporcionemos.

A elaboración ou deseño de actividades é un elemento fundamental para todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe. As **actividades de ensinanza** serán, entre outras: deseño de unidades didácticas, deseño de actividades das unidades didácticas (serán de coñecementos previos, motivación, desenvolvemento de contidos, reforzo, ampliación e avaliación), elaboración e organización dos materiais didácticos do alumno e de apoio, explicación aos alumnos acerca dos contidos e obxectivos da unidade didáctica, dirixir as actividades que o requiran, organizar o aula, avaliar todo o proceso, etc. As **actividades de aprendizaxe** serán, entre outras: participación nas actividades e xogos, fabricación de materiais, propostas de actividades, colaboración cos compañeiros e co profesor, avaliación dos contidos desenvolvidos, etc.

8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os **procedementos de avaliación** fan referencia á técnica empregada, ao método de avaliación respecto de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe, aínda que será a avaliación dos alumnos a que terá máis relevancia na nosa programación.

Teremos en conta dous procedementos de avaliación: a **avaliación obxectiva** que consistirá en aplicar os criterios de avaliación e de cualificación para tódolos alumnos, e a **avaliación subxectiva** que nos levará a considerar nos alumnos as súas capacidades previas e as súas posibilidades motrices.

Realizaremos a avaliación utilizando as dúas técnicas básicas de avaliación: a **observación** que será planificada, sistemática e rexistrada, e que se empregará fundamentalmente para a avaliación dos aprendizaxes procedimentais e actitudinais; e a **avaliación experimental** que utilizaremos para comprobar a adquisición de todo tipo de aprendizaxes, fundamentalmente os relacionados con procedementos e conceptos.

Os **instrumentos de avaliación** son un conxunto de técnicas e documentos que nos facilitan a recollida e procesamento de informacións e datos sobre os aprendizaxes dos alumnos.

Os instrumentos de avaliación que utilizaremos no desenvolvemento das unidades didácticas serán os seguintes: **para a observación**: listas de control, follas de observación diaria, escalas ordinais ou cualitativas, escalas de observación, etc.; e como **instrumentos experimentais**: probas de execución de elaboración propia, traballos teórico-prácticos, probas escritas, etc.).

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia menciona que as medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da etapa. En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, se deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do alumnado e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.

En Educación Física os grupos son, xeralmente, moi heteroxéneos e nos atopamos con alumnos con grandes diferencias en canto ás súas capacidades físicas, coordinación, axilidade, intereses, estado de saúde, aprendizaxes, biotipo, estilos e ritmos de aprendizaxe, etc. O plantexamento para atender ás grandes diferencias individuais, tradúcese en adaptacións máis ou menos permanentes e máis ou menos significativas.

Cando estas adaptacións se levan a cabo nos **elementos de acceso ao currículo** (espazos, materiais, metodoloxía e actividades fundamentalmente), estas carecen de significatividade, e se produce do seguinte modo:

- Con modificacións de espazos, normas, agrupamentos e materiais.
- Con cambios na metodoloxía.
- Con traballo en función do nivel de partida.
- Con adaptación individual da intensidade.
- Coa práctica de situacións reais dependendo do nivel e do grupo.
- Con diversificación das actividades.

Nos exercicios de carreira se permiten e fomentan ritmos individuais, en función do estudo da táboa de pulsacións e intensidades individuais de cada alumno. Nos xogos e nos deportes a intensidade é variable e difícil de controlar, deixándose ao alumno que regule a intensidade en función de síntomas subxectivos de cansazo físico.

Nos exercicios de forza non se asignan un número de repeticións fixas, nin un ritmo de execución dos exercicios obrigatorio, indícase o número orientativo. Foméntase o emprego dun ritmo de traballo propio.

Nos exercicios de flexibilidade o límite o marca o propio alumno e cada cal dentro da súa capacidade.

Valorarase, ao final das unidades didácticas, a puntuación obtida e a mellora sobre os resultados persoais que obtiveron na avaliación inicial.

Nos deportes de equipo e en función dos resultados da avaliación inicial, organízanse diferentes grupos de nivel que traballan nas tarefas adaptadas ás súas capacidades de xogo, facilitando a aprendizaxe e evitando de esta forma, sobre todo, as lesións. Máis adiante, modifícanse os grupos buscando unha maior relación entre os alumnos.

Se utilizan xogos adaptados e modificados, cambiando as regras, o terreo de xogo e os materiais, para adaptar as tarefas ás posibilidades de cada grupo.

Cando se trate de **alumnos sen discapacidade, pero retrasados por causas diversas**, estes seguirán o ritmo normal da programación de aula, participando segundo seu nivel de aptitude. Procederase con adaptacións nalgúns elementos de acceso ao currículo (organización de espazos e tempos, metodoloxía, actividades e materiais), e ademais, deberán realizar actividades de reforzo e ampliación, algunhas das cales poden levarse a cabo en horario extraescolar e referidas, fundamentalmente, á mellora e desenvolvemento das diferentes capacidades físicas e coordinativas, así como a mellora de diferentes habilidades e destrezas deportivas.

Cando se trate de **alumnos con necesidades educativas especiais** o profesor determinará as adaptacións oportunas á vista dos certificados médicos, así coma do resultado da avaliación e o ditame emitido polo departamento de orientación. Estas adaptacións quedarán reflectidas na programación de aula e, con frecuencia, farán referencias aos **elementos básicos o currículo** (obxectivos, contidos e criterios de avaliación). En Educación Física e dentro deste grupo de alumnos con necesidades educativas especiais, podemos contemplar os seguintes casos:

- **Alumnos exentos totais da práctica:** aqueles que, con previa prescrición médica, deban quedar exentos totais da práctica, procederase coa adaptación curricular pertinente que se levará a cabo na programación de aula e que se realizará sobre os obxectivos, contidos, criterios e actividades relacionados coa práctica; compensando estes coa realización de traballos teóricos escritos. Estes traballos conlevarán investigación e estarán relacionados cos contidos de cada avaliación. O alumno deberá realizar unha proba teórica sobre o traballo realizado que demostre a adquisición dos coñecementos expresados nos traballos. Estes alumnos deberán asistir a clase con normalidade e nelas realizar as tarefas de apoio ao profesor (arbitrar, ordenar, controlar o material, etc.) e seguimento do aprendizaxe dos seus compañeiros (observación, seguimento por escrito da clase, etc.).
- **Alumnos exentos parcialmente da práctica:** aqueles que tendo en conta a prescrición médica e en colaboración co departamento de orientación, procederase coa adaptación curricular pertinente que se levará a cabo na programación de aula e que se realizará sobre os materiais, actividades, metodoloxía e instrumentos de avaliación en relación cos contidos prácticos a desenvolver en cada avaliación. Inclúiranse neste apartado os casos de asma, diabetes, desviacións da columna, lesións crónicas, etc. Cando estes alumnos

non poidan realizar algunha actividade, practicarán aquelas outras alternativas propostas polo profesor e que sexan compatibles coa prescrición médica.

- **Alumnos exentos temporalmente da práctica:** aqueles que, por lesións temporais ou por problemas de enfermidade transitoria, non poidan realizar a práctica durante un período de tempo determinado. Si durante este período o alumno queda **exento total**, deberá compensar a práctica con traballos teóricos que versarán sobre os contidos tratados durante dito período cos mesmos criterios establecidos no apartado de alumnos exentos totais. No caso de **exención parcial**, procederase igual que no apartado de alumnos exentos parciais.
- **Alumnos con discapacidade psíquica:** aqueles nos que non se detectan problemas físicos, pero si carencias a nivel intelectual. A estes alumnos se lles practicará adaptacións do currículo nos elementos de acceso ao mesmo, sempre en relación cos contidos de tipo conceptual. Se a deficiencia psíquica vai acompañada de deficiencia física ou motora, procederase, ademais, do mesmo modo que para os alumnos exentos parciais da práctica. Se o alumno presenta unha deficiencia psíquica e psicomotriz profunda procederase cunha adaptación curricular individual e significativa a tódolos niveis.
- **Alumnos con altas capacidades:** estes alumnos seguirán o ritmo da programación de aula, participando e traballando en ocasións coma conductores ou capitáns dos seus compañeiros. Respecto ao nivel de condición física, se lles esixirá unha mellora respecto á avaliación inicial e respecto ao nivel de coordinación e habilidade técnica, se lles plantexarán actividades compostas de tarefas con maior complexidade respecto ao nivel de execución e de decisión no momento da avaliación.

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Existen unha serie de temas que se manifestan de forma relevante na sociedade actual e, como consecuencia, impregnan a vida e experiencias diarias dos alumnos. Por iso, será necesario que estes temas aparezan tamén integrados na materia de Educación Física e abordados de forma global, como unha educación en valores. Tendo en conta os contidos propios da materia, estes temas serán fundamentalmente:

- **Comprensión lectora, a expresión oral e escrita:** a través da exposición verbal dos temas, comunicando aos alumnos os obxectivos sobre a materia, a proposta de exercicios, etc. Elaboración de traballos polos alumnados. Lectura dos apuntes por parte dos alumnos e posta en común na clase.
- **Comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación:** como complemento as sesións usarase con certa frecuencia a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente na descrición de xestos técnicos, moitas veces empregando o movemento máis lento para mellorar a comprensión do mesmo. Realización de tarefas na aula virtual edixgal ou do instituto. Exposición de traballos na aula.
- **A capacidade emprendedora:** fanse constantes propostas sobre problemas motores e tamén a asignación de tarefas. A capacidade organizativa e a actividade serán dos dous elementos que veñen recollidos na folla de observación do alumnado. As propostas irán dirixidas a actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor.
- **A educación cívica e constitucional:** mantendo un respecto cara os outros alumnos e o profesor, reflexado na folla de observación de cada alumno.
- **A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade:** facendo agrupacións mixtas nas tarefas das sesións, variarase a formación de grupos e parellas buscando fomentar os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- **Prevención e resolución pacífica de conflitos:** a aula de Educación Física constitúe un espazo de convivencia e polo tanto as posibilidades de conflitos aínda que esporádicas, xorden algunhas veces, especialmente nos niveis iniciais, debendo promover a prevención e resolución pacífica de conflitos xurdidos no contexto da materia, buscando solucións de compromiso por parte do alumnado e analizando as posibles causas do problema.
- **Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a**

prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia: en Educación Física crearemos un clima de convivencia que transcenda á propia materia. Fomentando a práctica da actividade física como modo de integración do alumnado, evitando os papeis fixos dentro dos xogos e deportes. O rol de cada persoa dentro destas actividades nunca será permanente. Promoveranse os xogos de natureza inclusiva, aínda que sexa variando as normas da propia actividade, de tal maneira que sexa necesario depender de todos para acadar o obxectivo proposto. Propoñendo unha alta variedade de contidos de expresión corporal, para que poidan chegar ao alumno a outra forma de contemplar o feito da educación física. As diferentes solucións das tarefas, a creación de estilos de movemento ou a propia forma do alumnado de relacionarse, contemplaranse como xeito de aceptar a riqueza e a versatilidade dentro da comunidade.

- Fomentaranse a **aceptación do diferente** como un valor e sen que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Incentivaranse as actividades que promovan as **aptitudes como a creatividade** (especialmente dentro do bloque de expresión corporal), **a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.**
- No ámbito da **educación e a seguridade viaria**, promoveranse accións para a mellor a da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os alumnos coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e as sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- **Educación para a paz:** a través da importancia das regras e do seu respecto, das habilidades para a resolución pacífica de conflitos, e dos contidos actitudinais necesarios para o traballo cooperativo.
- **Educación moral e cívica:** a través de contidos que fomenten a reflexión e desenvolvan o xuízo moral e cívico dos alumnos. Para isto, a análise de valores na actividade física e o deporte, a reflexión orientada a partir do estudo de situacións con dilemas morais serán contidos incorporados á nosa programación.
- **Educación para a igualdade entre sexos:** analizando a situación actual da muller no deporte e destacado as aportacións e logros da muller en distintas actividades físicas de resonancia social como forma de estimular ás alumnas na súa práctica.
- **Educación do consumidor:** desenvolvendo a capacidade de análise que permita aos alumnos adoptar unha actitude reflexiva e crítica no consumo de determinados artigos deportivos e no interese por telos.

- **Educación para a saúde e a calidade de vida:** tomando conciencia das posibilidades e limitacións do seu corpo, e da relación que hai entre a propia saúde e a forma de utilizar o seu corpo.
- **Educación ambiental:** a través do uso do entorno para a actividade física e tratando de buscar nos alumnos que coñezan como debe ser utilizado para axudar á súa conservación.
- **Educación para o lecer:** a través dos contidos que fomenten a reflexión e desenvolvan o xuízo crítico sobre o uso do tempo de lecer dos alumnos. Para isto, debemos favorecer a práctica de actividades físicas e deportivas fóra do horario escolar.
- **Educación vial:** desenvolvendo nos alumnos o uso responsable das vías públicas, e fomentando o coñecemento e a comprensión das normas básicas de circulación.

Tanto na elaboración das unidades didácticas e na súa aplicación na aula, como nas actividades extraescolares e complementarias os elementos transversais estarán presentes reforzando os valores en que se sustentan.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares favorecerán o desenvolvemento dos contidos educativos propios da materia e impulsarán a utilización de espazos e recursos educativos diversos, tentando que estas actividades estean estreitamente relacionadas cos contidos das unidades didácticas e orientadas a facilitar o aprendizaxe dos mesmos. Ademais as actividades complementarias e extraescolares propostas aos alumnos reforzarán o desenvolvemento do conxunto das competencias básicas.

O departamento de Educación Física durante o curso organizará as seguintes actividades complementarias e extraescolares, sempre que a situación o permita:

NOME ACTIVIDADE	CURSOS	DATA PREVISTA CELEBRACIÓN	RECURSOS	OBXECTIVOS	OBSERVACIÓNS
Liga interna nos recreos de fútbol-sala	Todos	Primeiro Trimestre	Instalacións e material do departamento de Educación Física	<ul style="list-style-type: none">- Mellorar a relación existente entre os participantes.- Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.	
Liga interna nos recreos de baloncesto	Todos	Segundo Trimestre	Instalacións e material do departamento de Educación Física	<ul style="list-style-type: none">- Mellorar a relación existente entre os participantes.- Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.	
Liga interna nos recreos de voleibol	Todos	Terceiro Trimestre	Instalacións e material do departamento de Educación Física	<ul style="list-style-type: none">- Mellorar a relación existente entre os participantes.- Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel	

				de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.	
Semana Branca en Andorra ou Pirineos	Todos	Primeiro ou Segundo Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía nacional e estranxeira. - Poñer en contacto aos nosos alumnos con outras persoas co fin e desenvolver actitudes de cooperación e respecto. - Coñecer o deporte do esquí e as distintas maneiras de desprazamento nun medio pouco habitual como a neve. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Práctica de sendeirismo e orientación polas inmediacións do centro	Todos	Segundo/Terceiro Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía local. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno onde viven co fin de desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte do sendeirismo e da orientación e as distintas maneiras de situarse no medio natural. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Práctica de descenso do río Miño	Todos	Terceiro Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía galega. 	

				<ul style="list-style-type: none"> - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno próximo co fin e desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte do rafting e valorar o traballo en equipo para realizar o descenso polo río. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Práctica de actividades náuticas de vela	Todos	Terceiro Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía galega. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno próximo co fin de desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte da vela e as distintas maneiras de desprazamento nun medio pouco habitual como o acuático. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Marcha para realizar un tramo do Camiño de Santiago	Todos	Primeiro Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía local. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno onde viven co fin e desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel 	

				de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.	
Práctica de descenso do río Miño	Todos	Setembro 2021	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía galega. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno próximo co fin e desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte do rafting e valorar o traballo en equipo para realizar o descenso polo río. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Xornada didáctica de orientación: Fase provincial e galega do campionato escolar	Todos	Segundo/Terceiro Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía galega. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno onde viven co fin e desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte da orientación e as distintas maneiras de situarse no medio natural. - Participar nunha carreira de orientación no medio natural. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	

Práctica de actividades náuticas de vela	Todos	Setembro 2021	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía galega. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno próximo co fin de desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte da vela e as distintas maneiras de desprazamento nun medio pouco habitual como o acuático. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Marcha ciclista	Todos	Terceiro Trimestre	Profesores, coches de apoio e tráfico	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía da provincia. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno onde viven co fin de desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte do ciclismo como medio de mellorar a propia condición física. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Práctica de piragüismo	Todos	Terceiro Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía local. - Poñer en contacto aos nosos alumnos 	

				<p>co entorno onde viven co fin de desenvolver actitudes de respecto pola natureza.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer o deporte do piragüismo e as distintas maneiras de desprazamento nun medio pouco habitual como o acuático. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
Semana Azul na Manga do Mar Menor en Murcia	Todos	Terceiro Trimestre	Autobús e profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Coñecer distintos lugares da xeografía nacional. - Poñer en contacto aos nosos alumnos co entorno próximo co fin de desenvolver actitudes de respecto pola natureza. - Coñecer o deporte da vela e as distintas maneiras de desprazamento nun medio pouco habitual como o acuático. - Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo. 	
“Coñece o meu club”	Todos	Primeiro Trimestre	Profesores	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a relación existente entre os participantes. - Dar a coñecer o club de baloncesto Val de Lemos. - Mellorar os coñecementos adquiridos no deporte do baloncesto. - Reforzar os principios básicos do baloncesto: bote, pase e tiro. - Desenvolver a técnica e táctica tanto 	

				<p>individual coma colectiva durante o xogo do baloncesto.</p> <ul style="list-style-type: none">- Amosar o traballo desenvolvido por o club de baloncesto Val de Lemos.- Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.	
--	--	--	--	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--

12. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia menciona no punto 7 do seu artigo 11 que a lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas e que os centros garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa. Para dar resposta ao anterior, os alumnos van a dispoñer dunha hora de lectura obrigada á semana. Esta hora irase rotando de forma que coincidirá con algunha das sesións de **Educación Física** semanal ao longo o curso.

Ademais, os alumnos iníciáanse no estudio e aprendizaxe de Educación Física, polo que o **tratamento e fomento da lectura** será a través de pequenos textos que se irán proponendo de forma gradual e sistemática na materia.

Tamén incidiremos na lectura de xornais e revistas especializadas en deportes e en Educación Física, tentando que fagan un seguimento do deporte como fenómeno social e elemento da nosa cultura.

13. TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia menciona no punto 8 do seu artigo 11 a importancia de promover a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Debemos destacar a importancia do uso das **tecnoloxías da información e da comunicación** como ferramenta de traballo para profesores e alumnos e como instrumento didáctico. Así, utilizaranse programas informáticos como procesadores de texto, follas de cálculo, páxinas web relacionadas coa Educación Física, e exposición de contidos conceptuais a través de programas específicos para presentacións.

